



BOP

SÁBADO, 28 DE DICIEMBRE DE 2019

N.º 297

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE. AUGAS DE GALICIA. SERVIZO TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

A Cdad. de Monte Vecinal en Mano Común de Frexulfe solicita de Augas de Galicia un caudal de 575 m³/ano de augas procedente dun manancial no lugar de Frexulfe, na parroquia de Frexulfe, no concello do Valadouro (Lugo), con destino a uso para a extinción de incendios. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 109 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.B27.67701.

As características do aproveitamento son:

SOLICITANTE: Cdad. de Monte Vecinal en Mano Común de Frexulfe

CAUDAL MEDIO ANUAL: 0,018 litros/segundo

CAUDAL MÁXIMO INSTANTÁNEO: 0,18 litros/segundo

DESTINO: extinción de incendios

ORIXE: pozo

COORDENADAS (datum ETRS89): (621852, 4819367)

LUGAR: Frexulfe

PARROQUIA: Frexulfe

CONCELLO: O Valadouro

Descrición:

A captación realizarase nun manancial mediante unha arqueta de 100 centímetros de diámetro. A auga conducirase por unha tubaría de 400 milímetros de diámetro e de 25 metros de lonxitude a un depósito de 110 m³ de capacidade nas coordenadas (datum ETRS89): (621871, 4819390).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinete (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Alfoz ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 20 de decembro de 2019.- A xefa do servizo territorial, Rocío Carreira Carral.

R. 3876

XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA. SERVIZO DE EMPREGO E ECONOMÍA SOCIAL. DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

CONVENIOS COLECTIVOS

Visto o texto do Convenio Colectivo de AFRICOR-LUGO (Código 27000992012005), asinado o día 7 de outubro de 2019, pola representación da empresa e polos representantes dos traballadores, como membros da comisión negociadora e de conformidade co disposto no artigo 90 apartados 2 e 3 do Real decreto lexislativo 2/2015, do

23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e no Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos e acordos colectivos de traballo

ACORDO:

PRIMEIRO: Ordenar a inscrición do citado convenio colectivo no rexistro de convenios desta xefatura territorial, así como o seu depósito.

SEGUNDO: Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Lugo, 17 de decembro de 2019.- A xefa territorial, Pilar Fernández López.

CONVENIO COLECTIVO DE AFRICOR-LUGO.

CAPÍTULO I.- UNIDADES DE NEGOCIACIÓN.

ARTIGO 1.- PARTES CONCERTANTES.

A comisión negociadora do convenio colectivo de Africor Lugo está integrada pola parte empresarial: D. José Carlos Vega Rodríguez, D. Álvaro José Castro Fernández e D. Manuel Capón Rodríguez, membros da Xunta de Goberno; e pola parte social: D^a. Teresa Flores Folgueira (U.X.T.), D^a. Marta Montecelo Varela (C.I.G.), D^a. Rosa María Pérez Prieto (C.I.G.), D^a. Teresa Mazaira vázquez (U.X.T.), D^a. Dolores Lago Caldeiro (C.S.I.F.).

Está presente nas negociacións D. Ramiro Fouz Dopacio, secretario executivo.

CAPÍTULO II.- REPRESENTACIÓN DAS PARTES NEGOCIADORAS

ARTIGO 2.- COMISIÓN PARITARIA.

Acórdase establecer unha Comisión Paritaria como órgano mixto de interpretación, vixilancia, control, conciliación e arbitraje do pactado no presente convenio.

Esta comisión estará formada, por tres representantes de cada unha das partes.

Os acordos da Comisión Paritaria requirirán da maioría de cada unha das partes.

A comisión paritaria reunirse sempre que sexa requirida para resolver cuestións que entren dentro das súas competencias ou cando o solicite a maioría de unha das partes; en calquera caso a comisión reunirse dentro dos 15 días seguintes á solicitude. A convocatoria farase por escrito indicando o motivo da mesma e achegando documentación se fora preciso.

A Comisión Paritaria terá as seguintes funcións:

1. Coñecemento e resolución de cuestións derivadas da aplicación e interpretación do convenio colectivo.
2. Seguimento do cumprimento do convenio.
3. O desenvolvemento de funcións de adaptación ou, se é o caso, modificación do convenio durante a súa vixencia. Neste caso, todos os suxeitos con dereito a negociación deberán incorporarse á comisión paritaria e requírese a concorrencia dos requisitos de lexitimación establecidos no Estatuto dos traballadores para que os acordos de modificación teñan efectividade xeral.
4. O coñecemento e resolución das discrepancias tras o remate do período de consultas sobre a modificación das condicións de traballo ou a non aplicación do réxime salarial, sempre que calquera das partes solicite a súa intervención.
5. A adaptación do texto do convenio, durante a súa vixencia, ás modificacións lexislativas que, se é o caso, teñan lugar.

Cando a Comisión Paritaria actúe con funcións de mediación, conciliación e, no seu caso, arbitraje, dita Comisión, unha vez recibida a proposta por escrito ou, se é o caso, a información correspondente completada, terá un prazo non superior a 30 días hábiles para resolver o problema plantexado ou, se isto non é posible, emitir a súa opinión.

Se non se chega a ningún acordo no seo da Comisión Paritaria, as reclamacións resolveranse de acordo cos procedementos regulados no Acordo interprofesional galego sobre procedementos extraxudiciais de resolución de conflitos de traballo (AGA).

CAPÍTULO III.- CONDICIÓNS XERAIS.

ARTIGO 3.- ÁMBITO FUNCIONAL. O convenio será de aplicación a todas as funcións encadradas, ou que no futuro se encadren, nas actividades levadas a cabo polo persoal de Africor Lugo.

ARTIGO 4.- ÁMBITO PERSOAL. Rexeranse polo presente convenio a totalidade das traballadoras e traballadores que na actualidade ou no sucesivo, presten os seus servizos en Africor Lugo.

ARTIGO 5.- ÁMBITO TERRITORIAL. As normas do presente convenio serán de aplicación en toda a provincia de Lugo.

ARTIGO 6.- ÁMBITO TEMPORAL. A vixencia do presente convenio estenderase dende o un de xaneiro de 2020 ata o trinta e un de decembro de 2020, con independencia da data de publicación no Boletín Oficial da Provincia ou Diario Oficial de Galicia.

ARTIGO 7.- DENUNCIA E PRÓRROGA. Calquera das dúas partes poderá solicitar a revisión do convenio, formulando a denuncia do mesmo á outra parte e á autoridade laboral competente, cun mes de antelación, como mínimo, á data de expiración da súa vixencia ou á de calquera das súas prórrogas. A falta de denuncia expresa entenderase prorrogado tacitamente por períodos anuais. A prórroga afectará ao texto do convenio, non así a os seus conceptos salariais e/ou extrasalariais que serán revisados cada ano por acordo entre as partes.

No caso de non haber denuncia de ningunha das partes ou, producíndose esta, non houbese acordo, o salario base incrementarase de xeito automático cada ano nunha contía equivalente ao IPC real, consolidando este incremento, que será calculado sobre o salario base do mes de decembro.

A parte denunciante deberá acompañar proposta concreta sobre os puntos e contidos que pretende modificar do actual convenio.

ARTIGO 8.- VINCULACIÓN Á TOTALIDADE. Non poderá pretendese a aplicación dunha ou varias normas con esquecemento das restantes, senón que, a todos os efectos, o presente convenio aplicárase e observárase na súa totalidade. No suposto de que a Autoridade Laboral ou Xurisdición competente, no exercicio das súas facultades, declarase nulo total ou parcialmente algún artigo, quedará o presente convenio invalidado na súa totalidade, levándose a cabo unha nova negociación.

ARTIGO 9.- CONDICIÓNS MÁIS BENEFICIOSAS.

Respectaranse as condicións máis beneficiosas que as traballadoras e traballadores teñan recoñecidas a título individual ou colectivo pola empresa á entrada en vigor do presente convenio.

ARTIGO 10.- ORGANIZACIÓN DO TRABALLO. De acordo co previsto no presente convenio, correspóndelle á Xunta de Goberno, que a levará a cabo a través do exercicio regular das súas facultades de organización económica e técnica, dirección e control do traballo e as ordes necesarias para a realización das actividades laborais correspondentes. A organización do traballo terá por obxecto alcanzar na empresa un adecuado nivel de produtividade baseado na óptima realización dos recursos humanos e materiais, sendo necesaria a mutua colaboración das dúas partes integrantes da empresa.

A Xunta de Goberno poderá delegar as súas facultades directivas, de modo expreso, co coñecemento de todas as partes implicadas.

ARTIGO 11.- POLIVALENCIA. TRABALLOS DE DISTINTO GRUPO PROFESIONAL. Por razóns organizativas admitirase que unha mesma persoa desenvolva tarefas de dous ou máis grupos profesionais distintos, sempre co seu consentimento. No caso de realización con carácter temporal de traballos de inferior categoría a traballadora ou traballador conservará a retribución correspondente ao seu grupo profesional. No caso de que unha persoa sexa contratada para realizar tarefas correspondentes a dous ou máis grupos funcionais, percibirá a retribución correspondente ao grupo de superior categoría e o plus de actividade correspondente a cada un dos grupos.

CAPÍTULO IV.- TEMPO DE TRABALLO, LICENCIAS E PERMISOS.

ARTIGO 12.-

1. XORNADA DE TRABALLO.

A) PERSOAL ADMINISTRATIVO: A súa xornada laboral será de 37,5 horas semanais, distribuídas de luns a venres. Admítense as modalidades de xornada continua ou partida, sendo facultade da dirección da empresa a fixación do horario. A actual distribución de horarios para o persoal de oficina contratado no momento de asinar este convenio, enténdese como condición beneficiosa da traballadora ou do traballador.

As traballadoras e traballadores en xornada continua terán dereito a un descanso de 20 minutos durante a mañá.

Os días 24 e 31 de decembro considéranse con carácter xeral como días non laborables. No caso de traballadoras e/ou traballadores que teñan que prestar servizos en días festivos por razóns organizativas ou de necesidade de atención ou asistencia ao público, a empresa terá que substituír o disfrute do descanso nas datas sinaladas por outro tempo de descanso equivalente.

B) CONTROLADORAS E CONTROLADORES: A súa xornada será distribuída segundo o calendario proposto pola persoa traballadora e que será validado pola empresa. Non poderán sobrepasarse as horas anuais establecidas por lei e respectaranse os descansos. A fixación do horario de traballo estará en función do horario de inicio do muxido de cada unha das explotacións asignadas a cada zona de control, debendo a traballadora ou o traballador persoarse na explotación coa debida antelación, sen motivar retrasos no inicio desta actividade.

C) PERSOAL DOS GRUPOS A, C, D, E, F, G, H: 40 horas semanais.

2. REXISTRO HORARIO.

A responsabilidade do acto de fichaxe recae nas traballadoras e traballadores, debendo estes informar á empresa do inicio e fin da xornada laboral.

Para as controladoras e controladores, a hora de inicio e fin da visita realizada quedará reflectida no parte de traballo. Esta información complementa ao calendario laboral mensual que cada controladora e controlador entrega na reunión de fin de mes, donde consta a programación de visitas no seguinte mes. Entendendo que o traballo de controladora e controlador vai máis alá do tempo de permanencia na explotación, o sistema de fichaxe no parte de traballo da explotación, refírese exclusivamente á parte da xornada laboral desenvolvida na gandería donde se presta o servizo.

O persoal de oficina realizará a fichaxe a través dun sistema de control de presenza automatizado de pegada dixital.

Para as traballadoras e traballadores con autonomía e flexibilidade horaria, incluso, locativa, para proceder ao rexistro diario da xornada, considérase fundamental a intervención da propia traballadora ou traballador para informar á empresa, a fin de evitar unha multiplicación de actos de fichaxe de difícil verificación, cumprindo así coa exixencia de credibilidade do sistema de rexistro, debendo realizar a fichaxe nun parte de traballo.

É obriga da traballadora ou traballador informar en tempo e forma á empresa de situacións que impidan ou dificulten o rexistro a fin de non incurrir en faltas por obra ou omisión de fichar a xornada laboral.

Os datos derivados do control da xornada laboral por parte da empresa, serán custodiados pola mesma, co único fin do cumprimento estrito da normativa laboral.

ARTIGO 13.- LICENZAS E PERMISOS.

As traballadoras e traballadores interesados concederáselles, necesariamente, os seguintes permisos retribuídos:

Matrimonio ou inscrición oficial como parella de feito da traballadora ou traballador: 15 días.

Por falecemento, accidente ou enfermidade graves, hospitalización ou intervención quirúrxica sen hospitalización que precise de repouso domiciliario, de parentes ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade: 2 días. Cando con tal motivo a persoa traballadora necesite facer un desprazamento ao efecto, o prazo será de catro días.

Necesidade de atender asuntos propios que non admitan demora: ata un máximo de 3 días non acumulables a vacacións. Demostrarase a súa necesidade.

Licenza a representantes sindicais: Estarase ao lexislado nesta materia.

O tempo necesario para a realización de exames en centros oficiais.

Para a mudanza por cambio de domicilio: 1 día.

En todos os casos, salvo nos de forza maior, a persoa traballadora deberá avisar á empresa cun mínimo de quince días de antelación, e debendo xustificar a solicitude.

Manterase o dereito á percepción de todos aqueles conceptos retributivos que non se encontren vinculados de forma expresa á prestación efectiva da actividade laboral, salvo o plus por turno, do que percibirase a parte proporcional ao tempo traballado. Os días ós que fai referencia este artigo entenderanse, en todo caso, como naturais e sen prexuízo do establecido no Estatuto dos Traballadores.

ARTIGO 14.- EXCEDENCIAS.

A excedencia poderá ser voluntaria ou forzosa. En ambos casos, a solicitude efectuarase mediante escrito dirixido á Xunta de Goberno, cun prazo de aviso previo de polo menos un mes, salvo causas de forza maior, debendo deixar constancia na solicitude o período de tempo e o motivo da mesma. Deberá ser resolto pola Xunta de Goberno nos quince días naturais seguintes á súa solicitude.

Calquera persoa da plantilla cunha antigüidade mínima dun ano, terá dereito á excedencia voluntaria por un prazo non inferior a un mes, e non maior de cinco anos. Este dereito só poderá ser exercitado outra vez polo mesma persoa se transcorreron catro anos dende o final da anterior excedencia.

A traballadora ou traballador excedente conserva un dereito preferente ao posto de traballo, nas mesmas condicións que ostentaba, se a excedencia non é superior a 18 meses. Para períodos de tempo superiores terá dereito preferente a un posto de igual ou similar categoría nas vacantes que se producisen na empresa.

No caso de adopción internacional, os traballadores poderán solicitar unha excedencia voluntaria con reserva do posto de traballo cun límite dun mes.

Nos demais supostos estarase ao lexislado nesta materia.

ARTIGO 15.- PREAVISO PARA O CESE.

A traballadora ou traballador que desexe cesar voluntariamente no servizo á empresa virá obrigado a poñelo en coñecemento do empresario por escrito cumprindo un prazo de preaviso de 15 días. O incumprimento por parte da persoa traballadora da obriga de preavisar coa indicada antelación dará dereito á empresa a descontar da liquidación de salarios o importe do salario, incluído o rateo das pagas extraordinarias, dun día por cada día de retraso no preaviso.

ARTIGO 16.- VACACIÓNS ANUAIS.

O persoal, calquera que sexa a súa categoría profesional, terá dereito a unhas vacacións retribuídas de 30 días naturais. No caso das controladoras e controladores, estas serán no mes de agosto. A retribución será equivalente ao salario base.

O resto do persoal disfrutaraas preferentemente no mes de agosto. No caso de non ser así, serán fixadas por acordo entre a empresa e a persoa implicada. En calquera caso a traballadora ou traballador coñecerá as datas que lle correspondan dous meses antes, polo menos, do disfrute.

O primeiro ano de prestación de servizos na empresa, só se terá dereito ao disfrute da parte proporcional correspondente ao tempo traballado durante o devandito ano.

En caso de I.T. ou permiso por nacemento ou cuidado do lactante anterior ás vacacións, estas disfrutaranse posteriormente á data de alta.

CAPÍTULO V.- CADROS DE PERSOAL E ORGANIZACIÓN DO TRABALLO.**ARTIGO 17.- CLASIFICACIÓN DO PERSOAL:****- GRUPOS FUNCIONAIS:**

- A) Secretariado executivo.
- B) Persoal administrativo: - Xestión e contabilidade. - Proceso de datos.
- C) Reparto e venda de doses seminais.
- D) Probas de filiación.
- E) Apareamentos.
- F) Controladoras e controladores.
- G) Testaxe de equipos de medición de leite
- H) Coordinadora ou coordinador de controladoras e controladores de muxido robotizado

ARTIGO 18.- ORGANIZACIÓN DO TRABALLO.**1.- SECRETARIADO EXECUTIVO.**

Desenvolverá as funcións que expresamente lle asignan os estatutos da Asociación.

2.- PROCESO DE DATOS.

Desenvolverá as funcións de procesado, filtrado, corrección e envío de datos de control leiteiro e Libro xenealóxico.

Distinguiranse dúas categorías: Procesador e responsable.

3.- XESTION E CONTABILIDADE.

Desenvolverá as funcións de facturación, xestión de recibos, pagos e o correspondente tratamento contable. Así mesmo terá adscritas as funcións de secretariado de xerencia.

4.- PROBAS DE FILIACIÓN.

Desenvolverá as funcións de toma e envío de probas de filiación, elaboración e xestión da base de datos e depuración do libro xenealóxico.

5.- APAREAMENTOS.

Desenvolverá as funcións de asesoramento técnico en materia de mellora xenética, así como a colaboración na xestión de concursos morfolóxicos e poxas de gando.

6.- REPARTO E VENDA DE DOSES SEMINAIS.

Desenvolverá as funcións de distribución de doses seminais, tanto nas oficinas da Asociación como nos repartos por zonas ou a domicilio que organice a empresa.

7.- COLABORACION EN CONCURSOS E POXAS.

Persoal contratado ao efecto ou calquera outro persoal da empresa que se lle asignen funcións de coidado e preparación de animais en concursos, poxas, escolas de morfoloxía e cursos de preparación de animais.

8.- TESTAXE DE EQUIPOS DE MEDICIÓN DE LEITE.

Desenvolverá as funcións de técnico de testaxe de equipos de medición de leite utilizados no Control leiteiro, tanto portátiles como os que dispoñen as granxas.

9.- COORDINADORA OU COORDINADOR DE CONTROLADORAS E/OU CONTROLADORES DE MUXIDO ROBOTIZADO.

Desenvolverá as funcións de coordinación do traballo, formación e distribución de equipos de toma de mostras en sistemas de muxido robotizados.

10.- CONTROLADORAS E CONTROLADORES.

Enténdese que a persoa que ocupa este posto de traballo realiza o control leiteiro nas explotacións asignadas ao seu cargo ou zona de control (controladora ou controlador titular), ou tamén aquela persoa designada pola empresa que axuda nas tarefas de control dunha explotación aínda que esta non estea asignada á súa zona (controladora e/ou controlador axudante).

Ambas figuras non son excluíntes.

En todo momento, o seu traballo axustarase ao requirido pola normativa vixente de Control leiteiro oficial.

Cada zona será recoñecida por un número e terá asignados un máximo de 46 turnos ou visitas mensuais. Percibirase o salario base, a xornada completa, tendo asignados un mínimo de 36 turnos, ata un máximo de 46. Se nunha zona houbese, a causa de producirse baixas, menos turnos, o salario base non poderá reducirse.

Unha controladora ou controlador contratado a media xornada percibirá a metade do salario base con 18 turnos. Por cada un a maiores percibirá 20 euros en concepto de plus por turno, ata un máximo de 26, momento no que a súa contratación pasaría a ser do 75% da xornada percibindo a mesma porcentaxe de salario base, e a partir de aquí plus por turno ata as 36, no que pasaría a xornada completa.

As explotacións realizadas como axudante computarán tantos turnos como se acompañe ao titular.

Cada zona terá asignado un punto centro dende o que se contabilizarán os quilómetros a cada explotación, ao punto de recollida de mostras, ás oficinas de Africor Lugo ou calqueira outro desprazamento que fose necesario facer por motivos de traballo. As controladoras e controladores están obrigados a comunicar á empresa o cambio de domicilio.

Calendario: É o documento no que se reflicte qué día e en qué lugar/es se levará a cabo a xornada de traballo de cada controladora e controlador.

Cada persoa pertencente a este grupo elaborará o seu propio calendario mes a mes, respectando a normativa de intervalo entre controis, non estando permitido poñer ganderías no último día de intervalo, agás con autorización expresa da xerencia e entregará unha copia á empresa, con anterioridade a levalo a cabo, na reunión de traballo de fin de mes, para o seu coñecemento e validación. Se no transcurso do mes se efectuase algún cambio comunicárase á empresa coa maior brevidade posible, e sempre antes da data asignada no calendario.

A asignación de explotacións a cada zona de control será decidida pola empresa.

CAPÍTULO VI.- RÉXIME ECONÓMICO.**ARTIGO 19.- CADRO SALARIAL DO PERSOAL DOS GRUPOS A, B, C, D, E, G.**

Grupo funcional	Salario base	Plus actividade	Compl. posto	Plus Transporte
Secretariado executivo	1.600	120	100	20% IPREM
Proceso de datos	1.000	60	30	
Xestión e contabilidade	1.000	60	50	
Probas de filiación	1.000	60	40	20% IPREM
Apareamentos	1.000	60	60	20% IPREM
Reparto de doses	1.000	60	30	20% IPREM
Testaxe de equipos	1.000	60	50	20% IPREM

O salario base incrementarase cada ano nunha contía equivalente ao IPC real.

O persoal de nova contratación destes grupos, percibirá salario base máis plus de actividade, e plus de transporte se lle correspondera.

En caso de incentivo, a empresa tomará como referencia, para cada un dos postos de traballo, as cantidades que figuran no apartado de complemento ao posto, quedando ao seu arbitrio a quen e en que momento se concederá este complemento, en función de criterios como a responsabilidade, produtividade, eficacia, eficiencia e labor que desempeñe a traballadora ou traballador. Aquelas ou aqueles traballadores que estén a percibir un complemento de posto superior ao pactado, considérase condición beneficiosa, mantendo esa cuantía no mesmo concepto.

ARTIGO 20.- SALARIO DO PERSOAL DO GRUPO F: CONTROLADORA OU CONTROLADOR.**A) CONCEPTOS SALARIAIS.****A.1 SALARIO BASE.**

Será de 900 euros/mes para o ano 2019.

A.3 PLUS POR TURNO.

Por cada turno a maiores de 36 turnos, no caso de xornada completa, ou a maiores de 27 turnos no caso de tres cuartos de xornada, ou a maiores de 18 turnos no caso de media xornada, percibiranse 20 euros/mes.

As ganderías en control alterno equivalen a un turno, namentras que as de dobre control (a tres muxidos con dúas visitas, robot de muxido con dúas visitas) se lles asignarán dous turnos de traballo.

A.4 PLUS POR VACA (CANTIDADE).

Percibirase un plus de 20 euros/mes cando a media de vacas por explotación da zona sexa maior ou igual a 70, segundo a seguinte relación:

De 70 a 74: 20 euros /mes.

De 75 a 79: 20 euros /mes...e así sucesivamente, en tramos de cinco vacas.

Para este cálculo as explotacións ás que se vai a controlar con axudante computarán, para a/o titular, a metade das vacas do censo, ou a terceira parte no caso de precisar dúas ou dous axudantes. A outra metade das vacas do censo das ganderías con acompañante pasarán a computar a controladora ou controlador axudante.

A media de vacas por explotación actualízase dúas veces no ano, nos meses de xaneiro e xullo, segundo o censo de vacas maiores de dous anos.

A.6 GRATIFICACIÓNS EXTRAORDINARIAS.

O persoal de Africor Lugo percibirá tres gratificacións extraordinarias cada ano, unha no mes de xullo e outra no de decembro por importe dunha mensualidade de salario base cada unha delas, e outra no mes de setembro por importe do 80 % do salario base.

O persoal que ingrese ou cese na empresa durante o transcurso do ano, percibirá as gratificacións extraordinarias en proporción ao tempo traballado.

B) CONCEPTOS EXTRASALARIAIS:**B.1 PLUS DE TRANSPORTE.**

Equivalente ao 20% do IPREM.

ARTIGO 21.- AXUDAS DE CUSTO E DESPRAZAMENTO.**A) GASTOS DE LOCOMOCIÓN OU QUILOMETRAXE.**

O pago por quilómetro realizado por motivos de traballo, debidamente xustificado, pagarase 0,22 euros/Km. Dado que na actualizade o máximo estipulado polo Goberno exento de cotización é de 0,19 euros/Km, a diferenza cotizará á Seguridade Social. Adquírese o compromiso de elevar o pago por quilómetro cando a Autoridade competente eleve a contía de pago por quilómetro non cotizable. Se o máximo exento de cotización supera 0,22 euros/Km, pagarase esta cantidade de forma automática a partir do mes que se modifique.

B) ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS.

Establécese o pago dun plus de 100€/día e o seu prorrateo en xornadas non completas, en concepto de comisión de servizos, que resulte da asunción eventual de tarefas que non correspondan ao posto de traballo ou tarefas desenvolvidas en días non laborables, como son os concursos e poxas de gando ou escolas de morfoloxía.

ARTIGO 22.- PERSOAL CONTRATADO CON CARÁCTER TEMPORAL.**A) TRABALLADORA OU TRABALLADOR EN PRÁCTICAS.**

Percibirá a parte proporcional ao tempo traballado do salario base máis plus de transporte se lle corresponde.

B) SUBSTITUTO DUNHA TRABALLADORA OU TRABALLADOR.

A substitución dunha traballadora ou traballador realizada por persoal contratado ao efecto percibirá a parte proporcional ao tempo traballado do salario base máis os pluses que correspondan.

CAPÍTULO VII.- ROUPA E FERRAMENTA DE TRABALLO.**ARTIGO 23.- ROUPA E FERRAMENTA DE TRABALLO.**

As traballadoras e/ou traballadores que precisen realizar desprazamentos no desenvolvemento das súas funcións, deberán dispoñer de vehículo propio, e a empresa so terá a obriga de retribuírlle os gastos de

quilometraxe, segundo se indica no punto a) do artigo 21. Nos casos de retirada do permiso de conducir, non poderá ser usado como escusa para non realizar o traballo asignado, debendo cumprir igualmente coas súas obrigas laborais.

A empresa proverá ao seu persoal das ferramentas e útiles necesarios para o desenvolvemento do seu traballo, agás do vehículo para desprazarse. Estes serán devoltos necesariamente pola traballadora ou traballador para recibir outros novos, de non facelo, a empresa poderá descontar o 50% do importe correspondente do equipo. Cando calquera persoa da plantilla cause baixa na empresa, deberá entregar todos os útiles e ferramentas de traballo que se lle asignaron; de non facelo, a empresa poderá descontar o 75% do importe correspondente ao equipo.

A roupa de traballo será facilitada pola empresa, dúas veces ao ano, para o verán e para o inverno.

CAPÍTULO VIII.- ACCIÓN SINDICAL.

ARTIGO 24.- DEREITOS SINDICAIS. Estarase ao lexislado nesta materia

CAPÍTULO IX.- REXIME DISCIPLINARIO.

ARTIGO 25.- FALTAS.

Toda falta cometida polo persoal da empresa clasificarase en atención á súa transcendencia ou intención en leves, graves ou moi graves.

FALTAS LEVES:

- A impuntualidade non xustificada na entrada ou saída do traballo.
- Non comunicar os cambios de calendario en tempo e forma, no caso das controladoras e controladores.
- Non comunicar á empresa os cambios de residencia ou domicilio para o persoal con punto centro asignado.
- A non asistencia aos cursos de formación teórica ou práctica de obrigada asistencia, dentro da xornada ordinaria de traballo, sen a debida xustificación.
- O deterioro da conservación ou mantemento dos equipos de traballo, cando non sexan de xeito fortuíto, dos que fose responsable, así como a falta de comunicación á empresa dos desperfectos ou anormalidades observadas nos útiles ou ferramentas de traballo ao seu cargo.
- A desatención ou falta de corrección no trato con socias, socios, clientes ou persoal da empresa.
- Entregarse a xogos ou distraccións durante a xornada de traballo de maneira reiterada e causando un prexuízo ao desenvolvemento laboral.
- Que se atopen sen dar de alta ata dous animais con máis de tres meses de idade (sen contar o mes de agosto) nunha explotación da que se é controladora ou controlador titular, sen que exista un motivo xustificado.

FALTAS GRAVES:

- Que se atopen sen dar de alta máis de dous animais con máis de tres meses de idade (sen contar o mes de agosto) nunha explotación da que se é controladora ou controlador titular, sen que exista un motivo xustificado.
- A non asistencia inxustificada un día ao traballo.
- Alterar datos transgredindo a boa fe contractual, así como o abuso de confianza no desempeño do traballo.
- A embriaguez ou o estado derivado do consumo de drogas durante o traballo.
- A desobediencia ás ordes ou mandatos das súas ou dos seus superiores en materia de traballo, se implican prexuízo grave para a empresa ou as súas compañeiras e compañeiros de traballo.
- Execución deficiente dos traballos encomendados ou diminución do rendemento normal dos mesmos, de maneira continuada.

FALTAS MOI GRAVES:

- Non comunicar á empresa a retirada do permiso de conducir.
- Finxir que se realiza o traballo cando en realidade outra persoa, non autorizada pola empresa, o está facendo no seu lugar, así como simular que o traballo está feito, nas datas consignadas no calendario ou presentando mostras de leite, documentación cumprimentada, etc.
- A simulación de accidente ou enfermidade. A realización de traballos por conta propia ou allea en períodos de incapacidade temporal.
- Violar o segredo de correspondencia ou documentos reservados da empresa, como os acollidos á lei de protección de datos, ou revelar a terceiros alleos á ela datos de reserva obrigada.

- A fraude, deslealdade ou abuso da confianza nas xestións encomendadas, ou apropiación, furto ou roubo de bens propiedade da empresa, das compañeiras e compañeiros ou calquera outra persoa, dentro das dependencias da empresa ou nas granxas donde se desenvolve o traballo.
- Os malos tratos de palabra ou obra, abuso de autoridade ou falta grave de respecto e consideración a calquera membro do persoal e/ou da dirección da empresa.
- A reiterada non utilización dos elementos de protección en materia de seguridade e hixiene no traballo.

ARTIGO 26.- SANCIÓNS:

Establécese un sistema de puntos de acordo coa graduación das faltas para establecer as correspondentes sancións.

Faltas leves: 20 puntos.

Faltas graves: 100 puntos.

Faltas moi graves: 500 puntos.

Cada traballadora e traballador terá un crédito de 2.100 puntos; no momento que leve gastados 1.600 puntos poderá ser sancionado cunha suspensión de emprego e soldo de 15 días como máximo. Logo de cumprir esta sanción, se esgota os 500 puntos restantes do crédito, a sanción poderá ser de suspensión de emprego e soldo de 15 a 30 días ou despedimento.

Establécese un sistema de gratificación de puntos para a persoa con saldo de puntos inferior a 2.100, a razón de 200 puntos por non ter cometido faltas graves ou moi graves no período de dous meses. As faltas leves cometidas neste período de tempo computarán restando do crédito, se ben non afectarán ao sistema de gratificación. Os puntos réstanse do crédito cando se comunica a falta a traballadora ou traballador pero compútase dende o momento en que se cometera, así se houberse faltas en distintos períodos xa se poderían ter recuperado puntos.

Correspóndelle á empresa a facultade de impor sancións dentro dos termos estipulados no presente convenio.

As faltas seranlle comunicadas por escrito a persoa que as tivese cometido, facendo constar a data e os feitos que a motivaron, asinando esta que foi feita a notificación tan pronto como lle sexa posible, e a partir desta data contará cun prazo de 20 días hábiles para calquera alegación que quixese facer. A empresa comunicará as e os representantes das traballadoras e traballadores as faltas moi graves cometidas e convocarase unha reunión cando alguén leve gastados 1.600 puntos, antes de impoñer unha sanción.

As sancións estipularanse en función da gravidade das faltas. Terase en consideración o recoñecemento e comunicación da falta á empresa por parte da traballadora ou traballador.

Non poderá exceder de seis meses o tempo entre a comisión da falta e a posta en comunicación a traballadora ou traballador, perdendo a consideración de falta unha vez pasado este período se non lle foi comunicada a quen a tivese cometido.

En período vacacional ou de baixa detense a prescripción das faltas e a recuperación de puntos. Así tamén, no caso de baixa dunha traballadora ou traballador, todo aquilo que se realizase neste período de tempo no seu posto de traballo, non será responsabilidade súa, nin computará a ningún efecto, aínda que sí deberá revisar, logo de incorporarse, que toda a documentación está ao día ou en caso contrario dar conta á empresa das irregularidades atopadas.

CAPÍTULO X.- ACCIÓN SOCIAL. DISPOSICIÓNS VARIAS.

ARTIGO 27.- INCAPACIDADE TEMPORAL. En calquera suposto de baixa por incapacidade temporal, incluída por nacemento de filla ou fillo, a empresa completará, ata o 90% da base de cotización, a prestación económica aboada pola Seguridade Social. A base de cotización sobre a que facer o cálculo da compensación, será a media da súa base de cotización nos tres últimos meses. Neste cómputo non se terá en conta o mes de agosto, como mes de devengo.

ARTIGO 28.- PERMISO DE CONDUCIR. As traballadoras e traballadores que cobren plus de transporte, estarán obrigados a presentarlle á empresa copia do permiso de conducir e da documentación que se indica, do vehículo utilizado en cada desprazamento, debendo estar todos os documentos en vigor, entregando un novo xustificante cada vez que se produza unha actualización dos mesmos. Este requisito regúlase en cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais:

- Xustificante de pago do seguro en vigor.
- Tarxeta de inspección técnica.

A retirada do permiso de conducir deberá ser comunicada á empresa.

ARTIGO 29.- REVISIÓNS MÉDICAS. A empresa estará obrigada a solicitar á Mutua, un recoñecemento médico anual para todo o persoal.

ARTIGO 30.- SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO. Estarase ao lexislado nesta materia.

ARTIGO 31.- RISCO NO EMBARAZO. A empresa adoptará as medidas necesarias para evitar a exposición a riscos, que podan influír na saúde da traballadora ou do feto. A traballadora ten a obriga de comunicar á empresa esta situación e poderá solicitar á Mútua un permiso por risco de embarazo.

ARTIGO 32.- COIDADO DA E DO LACTANTE.

Nos casos de nacemento, adopción, custodia con fins de adopción ou acollemento, segundo o artigo 45.1.d) do ET, as persoas traballadoras, homes e mulleres, para o coidado do lactante menor de nove meses, terán dereito a unha hora de ausencia do traballo que poderán dividir en dúas fraccións. A persoa traballadora, pola súa vontade, poderá substituír este dereito por unha redución da súa xornada en media hora coa mesma finalidade ou acumulalo en xornadas completas (13 días laborables) que disfrutará logo de rematar o permiso de descanso por nacemento, adopción, tutela ou acollemento.

Este permiso poderá ser disfrutado indistintamente pola nai ou o pai no caso de que ambos traballen. A concreción horaria e a determinación do período de disfrute do permiso de coidado da e do lactante e da redución da xornada corresponderá a traballadora ou o traballador dentro da súa xornada ordinaria. A traballadora ou o traballador deberá preavisar a empresa con quince días de antelación á data en que se reincorporará á súa xornada ordinaria.

Nos supostos restantes estarase ao lexislado nesta materia.

ARTIGO 33.- FORMACIÓN. A empresa formará ao persoal nos temas e materias necesarios para un óptimo desenvolvemento do seu traballo, debendo as traballadoras e traballadores participar nos programas de formación deseñados pola empresa, agás dos que se consideren de asistencia voluntaria

Artigo 34.- Igualdade

Garantírase que na empresa non se poida discriminar as traballadoras ou traballadores por razón de afiliación étnica, ideolóxica, sexual, política ou sindical. Respectarase o principio de igualdade de acceso a todos os postos de traballo da empresa tanto para homes como para mulleres, sen discriminación. A empresa está obrigada a respectar a igualdade de trato e oportunidades no ámbito laboral e, con este propósito, debe adoptar medidas dirixidas a evitar calquera tipo de discriminación laboral entre mulleres e homes, medidas que deben ser negociadas e, se é o caso, de acordo, cas persoas representantes legais das traballadoras e traballadores na forma que determine a lexislación vixente.

R. 3872

Anuncio

CONVENIOS COLECTIVOS

Visto o texto do acordo de revisión salarial do Convenio Colectivo da empresa HOTEL SANTIAGO, S.L. (Código 27100052012013), asinado o día 12 de decembro de 2019 pola representación da empresa e pola representante dos traballadores, e de conformidade co disposto no artigo 90 apartados 2 e 3 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e no Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos e acordos colectivos de traballo ACORDO:

PRIMEIRO: Ordenar a inscrición do citado acordo no rexistro de convenios desta xefatura territorial, así como o seu depósito.

SEGUNDO: Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Lugo, 17 de decembro de 2019.- A xefa territorial, Pilar Fernández López.

HOTEL SANTIAGO, S.L.**ACTA DE REUNIÓN COMISIÓN PARITARIA****-ACTUALIZACIÓN SALARIAL-**

En Lugo, a 12 de Diciembre de 2.019.

Asistentes

POR LA REPRESENTACIÓN LEGAL DE LOS TRABAJADORES Dña. Avelina Santín Rebollo (UGT)	POR LA EMPRESA "HOTEL SANTIAGO, S.L." (CIF. B27143700) D. Héctor Castro Vilariño.
ASESORES DE LA REPRESENTACIÓN LEGAL DE LOS TRABAJADORES (Sindicato: UGT)	ASESORES DE LA EMPRESA D. Jesús Castro Vilariño, (LUCUS LEX ABOGADOS, S.L.P.) Telf.: 982242309/fax: 982231567 Email: jcastro@luculexabogados.com

DE UNA PARTE

D. HÉCTOR CASTRO VILARIÑO, mayor de edad, con DNI nº 33.326.534-V, con domicilio a efectos de notificaciones en C/ San Roque nº 26, entlo., 27.002, (Lugo), Telf.: 982 242 309/Fax: 982 231 567, actuando, en su condición de APODERADO, en nombre y representación de la entidad mercantil "**HOTEL SANTIAGO, S.L.**", provista del CIF. B-27143700, con domicilio social en Ctra. Santiago s/n, Urbanización Bela Vista, 27.004, Lugo, dedicada, entre otras, a los servicios hoteleros de alojamiento y hospedaje.

Y DE OTRA PARTE,

DÑA. AVELINA SANTÍN REBOLLO, mayor de edad, con DNI nº 10.041.744-J.

Actuando en calidad de representante legal de los trabajadores de la entidad mercantil "**HOTEL SANTIAGO, S.L.**", en virtud de su nombramiento en actas de elecciones sindicales.

Ambas partes, reconocen legitimidad suficiente y, libre y voluntariamente,

EXPONEN

PRIMERO.- En fecha 12 de Abril de 2.013 se publicó en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, (BOP nº 84) el Convenio Colectivo de empresa de la entidad "**HOTEL SANTIAGO S.L.**".

La vigencia de dicha norma convencional quedó expresamente pactada en el Art. 4. (Ámbito temporal), que establece expresamente que:

"Este convenio terá unha duración de cinco anos entrando en vigor o 1 de xaneiro de 2013 e rematando a súa vixencia o 31 de decembro de 2017."

Asimismo, se acordó expresamente en el Art. 5 que:

*"O presente convenio deberá ser denunciado por calquera das partes, de acordo coa lexislación vixente, cunha antelación mínima dun mes da data de finalización deste. **A ausencia significará a prórroga deste por períodos anuais en idénticos termos que o presente texto, salvo o referente ás táboas salariais.**"*

Es por ello que, habida cuenta que no se ha presentado denuncia por cualquiera de las partes firmantes del Convenio de empresa con la antelación mínima establecida, la norma convencional se entiende prorrogada automáticamente en idénticos términos; salvo en lo relativo a las Tablas Salariales, y para ello, se reúnen las partes y acuerdan adoptar los siguientes.

ACUERDOS

PRIMERO.- PROPUESTA NEGOCIADORA SOBRE LAS TABLAS SALARIALES DEL AÑO 2.020.

Que una vez reunida la Comisión Negociadora en reunión de fecha 12/12/19 a las 16:30 horas se procede al traslado de la Plataforma Negociadora de Tablas Salariales del banco social a la representación empresarial, en los siguientes términos:

"Actualización salarial.

1. Para los años precedentes no se contempla revisión salarial de ningún tipo, habida cuenta la situación económica general y de la empresa en particular.

2. Con efectos del 1 de Enero de 2.020, el denominado Plus de Transporte se integrará en el Salario Base del convenio, garantizándose en todo caso que el Salario base resultante de dicha integración sea por lo menos igual a la cantidad de 900,00 € mensuales, incrementándose en su caso, el Salario Base, hasta alcanzar dicha cuantía, teniendo lugar en consecuencia el incremento que corresponda en las gratificaciones extraordinarias previstas en el presente Convenio.

Los salarios para las distintas secciones y grupos profesionales para el año 2.020, serán los recogidos en la Tabla Salarial que se acompaña a continuación:

CATEGORIA	SALARIO BASE MENSUAL	SALARIO ANUAL
DEPART. RECEPCIÓN		
Recepcionista ESP	920,00	13.094,67
Recepcionista	910,00	12.952,33
Ayudante de Recepción	900,00	12.810,00
DEPART. ADMINISTRACIÓN		
Jefe de Administración	980,00	13.948,67
Administrativo	900,00	12.810,00
DEPART. RESTAURACIÓN		
Cocinero/a ESP	950,00	13.521,67
Cocinero/a	910,00	12.952,33
Ayudante de cocina	900,00	12.810,00
DEPART. SERVICIOS COMUNES		
Camarero/a ESP	920,00	13.094,67
Camarero/a	910,00	12.952,33
Ayudante de camarero/a	900,00	12.810,00
DEPART. DISCOTECA		
Taquillero – ropero	900,00	12.810,00
Disc-Jockey	900,00	12.810,00

3. Para los años 2.020, 2.021, 2.022 y 2.023, se realizará la revisión salarial teniendo en cuenta el IPC real del año natural anterior."

SEGUNDO.- LECTURA DE LA PLATAFORMA EMPRESARIAL.-

Después de las deliberaciones oportunas, por la Representación empresarial se accede a lo propuesto y se procede a dar lectura del documento definitivo acordado.

TERCERO.- RESULTADO DE LA REUNIÓN DE LA COMISIÓN NEGOCIADORA.-

Que una vez reunida la Comisión Negociadora en reunión de fecha 12/12/19 a las 16:30 horas y una vez examinada y estudiada la Propuesta Negociadora de la empresa, ambas partes dan por finalizado el periodo de consultas con **ACUERDO** y convienen en suscribir la presente **ACTA DE ACTUALIZACIÓN SALARIAL**, a los efectos legales oportunos, comprometiéndose a ordenar su inscripción en el Registro de Convenios Colectivos, así como a disponer su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia.

Por todo ello, se procede a suscribir la presente **ACTA DE REUNIÓN**, a los efectos legales oportunos, siendo inmediatamente publicada en el Tablón de anuncios de la empresa una vez sea notificada a las partes.

Lo que firman las partes en prueba de su íntegra conformidad, en la fecha y lugar indicadas a continuación.

Lugo, 12 de Diciembre de 2019.- Por los trabajadores, Dña. Avelina Santín Rebollo. Por la empresa, D. Héctor Castro Vilariño.

R. 8373

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO**SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO. UNIDADE DE OBRAS E PLANS***Anuncio***INFORMACIÓN PÚBLICA**

Polo órgano competente desta Deputación foron tomados en consideración os proxectos das obras:

- **MONFORTE DE LEMOS.- ACONDICIONAMENTO LU-P-3207 “SEOANE (LU-617) – TOR (LU-P-0901”, P.K. 0+000 – 3+330 E VIAL INTERIOR PAZO DE TOR (EX012OB19AB)**

- **GUITIRIZ.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-2302 “GUITIRIZ-MARIZ-LÍMITE PROVINCIAL DE A CORUÑA (SOBRADO)”, P.K. 3+534 A 9+204 (EX013OB19AB).**

- **SOBER.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-5902 "CANABAL (LU-P-5901)-ROSENDE-ARXEMIL (LU-P-5906A)", PK 3+560 A 4+475 (EX016OB19AB)**

- **ANTAS DE ULLA.- MELLORAS LOCAIS LU-P-4002 “PALAS DE REI (LU-221) – PONTE MERCE – ANTAS DE ULLA (N-640)”, P.K. 9+720, LU-P-0306 “SANTA MARIÑA (LU-P-0302) – FRADEGAS”, P.K 0+400 E LU-P-0302 “ANTAS DE ULLA (N-640) – SANTA MARIÑA – LÍMITE PROVINCIA DE PONTEVEDRA (BORRAXEIRO)”, P.K. 0+000 A 0+500 (EX015OB19AB)**

- **GUITIRIZ.- MELLORA SEGURIDADE VIAL LU-P-2301 “ GUITIRIZ (N-VI) – VILARES (LU-170)”, P.K. 0+000 A 0+092 E LU-P-2305 “PARGA (LU-242) – PENA MOSCOSA (N-VI)”, P.K. 0+000 A 0+195 (EX017OB19AB)**

En cumprimento do que se dispón no art. 93 do T.R.R.L aprobado por R.D.L. 781/86, ábrese un período de información pública para os efectos de alegacións, reclamacións ou suxestións por parte de persoas ou entidades lexitimadas, por espazo de 15 días hábiles contados a partir do seguinte á publicación deste edicto.

Lugo, 20 de decembro de 2019.- O PRESIDENTE, JOSÉ TOMÉ ROCA, por decreto de data 26-07-2019. O DEPUTADO DELEGADO DE PROMOCIÓN ECONOMICA E SOCIAL, Pablo Rivera Capón, A SECRETARIA XERAL, María Esther Alvarez Martínez.

R. 3874

CONCELLOS**ABADÍN***Anuncio***APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO DE 2019**

Definitivamente aprobado o orzamento para o exercicio de 2019 polo Pleno deste Concello, mediante acordo adoptado na sesión celebrada o día 29 de novembro de 2019 ao non se presentaren reclamacións no prazo de exposición ao público, e en cumprimento do disposto no artigo 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido la Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público que o devandito orzamento ascende, tanto en gastos como en Ingresos, á contía de **DOUS MILLÓNS CIENTO CATORCE MIL OITOCENTOS TRECE EUROS E NOVENTA E OITO CÉNTIMOS (2.114.813,98€)**, correspondendo a cada capítulo as cantidades que se relacionan segundo o seguinte detalle:

ESTADO DE GASTOS

CAPITULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE EUROS
1	GASTOS DE PERSOAL.	420.776,93
2	GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS.	1.640.590,05
3	GASTOS FINANCEIROS.	0,00
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES.	53.444,00
6	INVESTIMENTOS REAIS.	2,00
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL.	1,00
8	ACTIVOS FINANCEIROS.	0,00
9	PASIVOS FINANCEIROS.	0,00

TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS :..... 2.114.813,98 EUROS

ESTADO DE INGRESOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE EUROS
1	IMPOSTOS DIRECTOS	1.089.788,99
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	160.240,89
3	TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	189.707,41
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	675.368,15
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	0,00
6	ENAXENACIÓN DE INVERSIÓNS REAIS	0,00
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	3,00
8	ACTIVOS FINANCIEROS	0,00
9	PASIVOS FINANCIEROS	0,00

TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS:..... 2.114.813,98 EUROS

Na referida sesión, acordouse aprobar a plantilla de persoal deste Concello, que se pública seguidamente de acordo co que preceptúa o artigo 127 do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril:

A) Funcionarios de carreira

Denominación	Grupo	Nº prazas	Escala	Subescala	Nivel
<u>C.D.</u>					
Sec.-Interv	A1/2	1 (cuberta/propiedade)	Hab. Carct. Nac.	Secret-Interv.	26
Administrativo	C1	1 (vacante)	Adm. xeral	Administrativa	22
Aux administrativo	C2	3 (2 cubertas en interin.e 1 vacante)	Adm. Xeral	Auxiliar	18
Arquitecto (a tempo parcial)	A1	1 (cuberta en interin.)	Adm.Especial	Técnica	22

B) Persoal laboral fixo

Denominación do posto	Nº de prazas
Encargada de biblioteca e asuntos culturais (cuberta provisionalmente)	1
Peón-conductor (cubertas provisionalmente)	2
Oficial 1ª- Albanel (vacante)	1
Conserxe (cuberta provisionalmente)	1

C) Persoal laboral temporal

Denominación do posto	Nº de prazas
Fontaneiro	1
Técnico de educación infantil (subvencionado pola Consellería de Política Social)	1
Axente de emprego e desenvolvemento local (subvencionado pola Consellería de Economía, Emprego e Industria)	1
Traballadora Social (subvencionado pola Consellería de Política Social)	1

A plantilla de persoal laboral temporal poderá ampliarse coas subvencións que este Concello poida recibir da Comunidade Autónoma, ou de outros organismos para financiar a contratación de persoal de obras de servizos determinados, ou ben, por necesidades perentorias, para obras ou servizos determinados.

De conformidade co disposto no artigo 171 do citado Texto Refundido, contra o presente acordo de aprobación definitiva do Orzamento poderá interpoñerse directamente o recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establecen as normas de dita Xurisdición. A interposición de recursos non suspenderá por si soa a aplicación deste orzamento definitivamente aprobado pola Corporación.

Abadín, 27 de decembro de 2019. O alcalde, José María López Rancaño.

R. 3920

ANTAS DE ULLA

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL

Aprobado inicialmente en sesión ordinaria do Pleno deste Concello, de data 19 de decembro de 2019, o Orzamento Xeral para o exercicio económico 2020 e o plantel de persoal para dito exercicio, en cumprimento do disposto no artigo 169 do Texto Refundido da lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, expónse ao público o expediente e a documentación preceptiva por prazo de quince días desde a publicación deste anuncio, aos efectos de reclamacións e alegacións.

De conformidade co acordo adoptado o Orzamento considerárase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

Antas de Ulla, 20 de decembro de 2019.- O Alcalde, Javier Varela Pérez

R. 3875

Anuncio

APROBACIÓN PROVISIONAL

O Pleno deste Concello, en sesión ordinaria celebrada o día 19 de decembro de 2019, acordou a aprobación provisional da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por ocupación do espazo público para a instalación de terrazas de hostalería do Concello de Antas de Ulla.

En cumprimento do disposto no artigo 17.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días a contar desde o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello (dirección <https://concellodeantas.sedelectronica.gal/>).

Se transcorrido o referido prazo non se presentaron reclamacións, considerárase aprobado definitivamente o devandito Acordo.

Antas de Ulla, 20 de decembro de 2019.- O Alcalde, Javier Varela Pérez.

R. 3877

O CORGO

Anuncio

Este concello notifica a posibles interesados, que a persoa que se indica a continuación, solicitou autorización de corta de madeira nun monte comunal desta entidade local, aportando plano da zona concreta da corta, o que se fai público para que nun prazo de 15 días hábiles, contados a partir da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, se poidan formular alegacións e presentar documentos en defensa dos seus dereitos ou intereses lexítimos.

NOME E APELIDOS DO SOLICITANTE	POLÍGONO E PARCELA	MONTE COMUNAL
RAMÓN FONTEBOA DÍAZ	POLÍGONO 55 PARCELA 2	FONTEITA

O Corgo, 18 de decembro de 2019.- O alcalde, Felipe Labrada Reija.

R: 3878

Anuncio

Ao quedar definitivamente aprobado polo Pleno desta Corporación o expediente de modificación de créditos con número 15/2019, de suplementos de crédito e créditos extraordinarios, por un importe total de douscentos setenta e oito mil oitocentos euros (278.800,00 €), cuarto de competencia do Pleno, polo acordo adoptado en sesión celebrada o vinte e seis de novembro de dous mil dezanove, de acordo co preceptuado e en cumprimento do disposto no artigo 177.2 en relación co 169.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, faise público que, despois de dito expediente, o resumo por capítulos do estado de gastos do referido orzamento queda da seguinte forma:

<u>CAPÍTULOS</u>	<u>IMPORTES</u>
1.- Gastos de persoal.....	1.314.066,94.-
2.- Gastos correntes en bens e servizos.....	1.417.658,42.-
3.- Gastos financeiros.....	2.700,00.-
4.- Transferencias correntes.....	130.600,00.-
5.- Fondo de continxencia e outros imprevistos.....	0,00.-
6.- Inversións reais.....	2.140.741,69.-
7.- Transferencias de capital.....	1.000,00.-
8.- Activos financeiros.....	0,00.-
9.- Pasivos financeiros.....	0,00.-
SUMA TOTAL.....	5.006.767,05.-

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

O Corgo, 26 de decembro de 2019.- O alcalde-presidente, Felipe Labrada Reija.

R.3911

O INCIO*Anuncio*

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 179.4, do Real Decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, xa que non se presentaron alegacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo adoptado polo Pleno do Concello de O Incio, na súa sesión ordinaria celebrada o día 29 de novembro de 2019 de aprobación inicial do expediente de modificación de créditos, quedando o orzamento de gastos según a seguinte táboa:

CAPITULO	Concepto	Importe
1	GASTOS DE PERSOAL	690.130,00
2	GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	559.600,00
3	GASTOS FINANCIEROS	14.700,00
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	4.300,00
6	INVERSIÓNS REAIS	43.770,00
9	PASIVOS FINANCIEROS	19.500,00

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

O Incio, 24 de decembro de 2019.- O ALCALDE- PRESIDENTE, Hétor Manuel Corujo González.

R. 3912

LUGO

*Anuncio***DECRETO NÚMERO 19010884 DO 20/12/2019**

Ima. Sra. Dona MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo.

Vista a publicación do DECRETO NÚMERO 19000552 do 25/01/2019, polo que se resolveu aprobar a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo convocado polo Decreto 18003488, do 2 de maio de 2018, para o acceso en propiedade a unha praza de Técnico/a pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre, no BOP de Lugo, nº 287, do 16 de decembro de 2019.

Visto o AUTO 178/19 ditado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Lugo no Recurso contencioso-administrativo P.A. número 291/2019, interposto por dona Ana Belén Vilas Fernández contra o Decreto da Alcaldía número 19003501 do 26 de abril de 2019, polo que se desestima a petición de declaración de caducidade da OEP 2015, no que se refire á praza denominada “Grupo A1. Escala de Administración Xeral. Número de Vacantes 1(quenda libre). (coberta interinamente). Denominada: Técnico”, polo cal dito órgano xurisdiccional acorda a seguinte III.- PARTE DISPOSITIVA, “Adoptar a medida cautelar de suspensión do acto impugnado.”

Esta Concellería, en virtude das atribucións conferidas á Alcaldía polo artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local e tendo en conta o Decreto número 19005684, ditado o 1/07/2019 e modificado polo Decreto número 19005695, ditado o 3/07/2019 **ACORDA:**

Publicar no BOP de Lugo a medida cautelar de suspensión acordada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Lugo no Recurso contencioso-administrativo P.A. número 291/2019.

R. 3879

MEIRA

*Anuncio***APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO DO CONCELLO DE MEIRA PARA O EXERCICIO 2020**

O orzamento xeral do Concello de Meira para o exercicio 2020 foi aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria de data 3 de decembro do 2019 e publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 278, do día 4 de decembro do 2019.

Exposto ao público durante o prazo de quince (15) días hábiles, non se presentaron reclamacións contra o mesmo, polo que de conformidade co artigo 169.1 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, considérase definitivamente aprobado o orzamento xeral desta Entidade para o ano 2020, as bases para a súa execución e o cadro de persoal.

Segundo o disposto no artigo 169.3 do Real decreto lexislativo 2/2004, procédese á publicación do Orzamento resumido por capítulos e do cadro de persoal.

ORZAMENTO DO CONCELLO DE MEIRA PARA O EXERCICIO 2020**CLASIFICACIÓN ECONÓMICA****Capítulos do Orzamento de Ingresos:**

1	IMPOSTOS DIRECTOS	638.000,00
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	26.000,00
3	TAXAS E PREZOS PUBLICOS	303.200,00
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	664.000,00
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	21.000,00
6	ENAXENACIÓN INVERSIÓNS REAIS	
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	248.000,00
8	ACTIVOS FINANCEIROS	

9	PASIVOS FINANCEIROS	
TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS		1.900.200,00

Capítulos do Orzamento de Gastos

1	GASTOS DE PERSOAL	692.443,06
2	GASTOS EN BENS E SERVIZOS	794.973,80
3	GASTOS FINANCEIROS	2.550,86
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	44.900,00
6	INVERSIÓN REAIS	304.076,00
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	
8	ACTIVOS FINANCEIROS	
9	PASIVOS FINANCEIROS	61.256,28
TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS		1.900.200,00

EXERCICIO 2020**CADRO DE PERSOAL**

A) FUNCIONARIOS DE CARREIRA				
Denominación da praza	Grupo Subgrupo	Nº de prazas	Nivel	Situación
1. HABILITACIÓN DE CARÁCTER NACIONAL				
1.1 Secretaria-Interventora	A1/A2	1	26	Ocupada (titular en comisión de servizos)
2. ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL:				
2.1. Subescala Administrativa				
Administrativo de Administración Xeral	C1	1	22	Ocupada
2.2. Subescala Auxiliar				
Auxiliar Administrativo	C2	1	16	Vacante
B) PERSOAL LABORAL FIXO				
Denominación da praza	Nº de postos	Carácter		Situación
SERVIZOS XERAIS				
Operario de servizos múltiples	1	Fixo		Ocupada
Traballadora Social	1	Fixo		Ocupada
Encargada da Biblioteca Municipal	1	Fixo		Ocupada
Limpadora de Dependencias municipais	1	Fixo		Ocupada
C) PERSOAL LABORAL TEMPORAL				
Denominación da praza	Nº de postos	Carácter	Situación	
SERVIZOS XERAIS				
OMIX	1	Temporal	Ocupada a tempo completo	

Limpeza de Dependencias municipais	3	Temporal	Ocupadas a tempo completo
Operarios de Servizos Múltiples	3	Temporal	2 Ocupadas a tempo completo
Persoal mantemento da EDAR	1	Temporal	Ocupadas a tempo completo
Peóns de servizos xerais (DEPUEMPREGO)	3	Temporal	Laboral temporal (12 meses)
Peóns condutores (Extinción de incendios)	3	Temporal	Laboral temporal (3 meses)
PROMOCION TURISTICA			
Oficina de Turismo	1	Temporal	Ocupada a tempo completo
EDUCACIÓN e DEPORTES			
Músicos	6	Temporal	Ocupadas a tempo parcial
Socorrista	1	Temporal	Laboral temporal (2 meses)
Total funcionarios de carreira.....	3		
Total persoal laboral fixo.....	4		
Total persoal laboral temporal.....	22		
Total postos de traballo 2020.....	29		

Meira a 27 de decembro do 2019.- O Alcalde Accidental, Agustín Méndez Moirón.

R. 3943

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO.

Polo Pleno do Concello de Meira en data 3 de decembro de 2019 se prestou aprobación a un expediente de transferencia de crédito entre distintas áreas de gasto, sendo publicado o anuncio de aprobación no BOP de Lugo o día 4 de decembro de 2019.

Despois de transcorrer o prazo establecido de quince (15) días hábiles sen que se presentaran reclamacións contra o mesmo, enténdense definitiva a aprobación inicial da mesma.

Publicase o orzamento resumido por capítulos incorporando as modificacións efectuadas aos efectos do cumprimento do principio de publicidade:

ORZAMENTO DO CONCELLO DE MEIRA 2019			
Capítulo	Importe Inicial (€)	Modificación (€)	Crédito Definitivo (€)
1.- Gastos de persoal	683.769,12	(-) 50.000,00	633.769,12
2.- Gastos correntes en bens e servizos	849.117,32	(+) 67.200,00	916.317,32
3.- Gastos financeiros	3.357,28		3.357,28
4.- Transferencias Correntes	42.100,00		42.100,00
6.- Investimentos reais	501.600,00	(-) 17.200,00	484.400,00
8.- Activos Financeiros	0,00		0,00

9.- Pasivos Financeiros	61.256,28		61.256,28
TOTAL	2.141.200,00	0,00	2.141.200,00

Meira, 27 de decembro de 2019.- O Alcalde Accidental, Agustín Méndez Moirón

R. 3944

MONDOÑEDO

Anuncio

José María Vázquez Pita, Secretario do Concello de Mondoñedo, no exercicio das función que me atribúe o artigo 92.bis da Lei 7/1985, de 2 de abril, CERFICO:

Que na sesión celebrada o día 23 de decembro de 2019, a Xunta de Goberno Local adoptou o seguinte acordo:

BASES E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN, POR CONCURRENCIA COMPETITIVA, DE AXUDAS PARA ADQUISICIÓN DE SUELO INDUSTRIAL PARA A IMPLANTACIÓN DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS NO PARQUE EMPRESARIAL DE MONDOÑEDO

O Concello de Mondoñedo elaborou un Plan Estratéxico de Subvencións que introduza a conexión entre os obxectivos e efectos que se pretenden conseguir, dentro das formas da actuación das Administracións Públicas ea súa interacción coa iniciativa cidadá, con costes previsibles e as súas fontes de financiamento, co obxecto de adecuar as necesidades públicas a cubrir, a través das subvencións coas previsións de recursos dispoñibles.

O Pleno da Corporación do Concello de Mondoñedo en sesión ordinaria celebrada o día 29 de decembro de 2017, acordou aprobar o citado Plan.

De novo, o Pleno da Corporación, en sesión ordinaria celebrada o 13 de abril de 2018, acordou modificar o devandito Plan Estratéxico, engadindo unha nova liña de subvencións en materia de fomento da implantación empresarial co obxectivo de apoiar a dinamización económica do municipio e o impulso das iniciativas empresariais. Esta modificación foi aprobada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 94 do 25 de abril de 2018.

O Concello de Mondoñedo ten como obxectivo a rexeneración do actual tecido productivo, así como colaboración na consolidación de actividades existentes e posta en marcha doutras novas que den resposta ás necesidades da sociedade actual e que resulten competitivas no marco económico existente.

En particular, para esta Administración resulta prioritario o fomento do mantemento e consolidación das actividades existentes e a captación de novas iniciativas empresarias que se apoiem para o desenvolvemento da súa actividade en recursos endóxeos do municipio.

Por tal motivo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes

ACORDA:

Primeiro.- Aprobar a convocatoria e as bases reguladoras de subvencións para o fomento da implantación de actividades económicas no Parque Empresarial de Mondoñedo que se xuntan como ANEXO, estas subvencións permitirán a bonificación do prezo por metro cadrado ata chegar a cantidade de 10 euros por cada metro cadrado de solo urbano consolidado de uso industrial.

Segundo.- Darlle publicidade a esta convocatoria a través de anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de anuncios municipal.

ANEXO

BASES PARA A CONCESIÓN, POR CONCURRENCIA COMPETITIVA, DE AXUDAS PARA ADQUISICIÓN DE SUELO INDUSTRIAL PARA A IMPLANTACIÓN DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS NO PARQUE EMPRESARIAL DE MONDOÑEDO

O artigo 40 da Constitución Española de 1978, enmarcado ao inicio do capítulo I da nosa norma Constitucional, baixo a denominación de "Principios reitores da política social económica", constitúe un mandato aos poderes públicos a fin de que promovan as condicións favorables para o progreso social e económico e para unha distribución de renda, rexional e persoal, máis equitativa, no marco dunha política de estabilidade económica, encomendándolles de maneira especial, a realización dunha política orientada ao pleno emprego e todo elo baixo as garantías do artigo 53.3 do mesmo Texto Constitucional cando determina que o recoñecemento, o respecto ea protección deste principio, informará a lexislación positiva, a práctica xudicial e a actuación dos poderes públicos.

Pola súa parte, o artigo 25.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local determina que o municipio, no ámbito das súas competencias, poderá promover toda clase de actividades e servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade vecinal.

En desenvolvemento da citada base, os artigos 23 e seguintes do Decreto 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das entidades locais regula entre os mecanismos de fomento de actividades da competencia das entidades locais, as subvencións entendidas nos termos da Lei reguladora das Facendas Locais e os seus límites e particularmente a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

O emprendemento de novas actividades de carácter empresarial e industrial, así como, o mantemento das existentes, é fundamental para o desenvolvemento e a consolidación do tecido empresarial mindoniense. A colaboración cos emprendedores e os empresarios que xa desenvolven a súa actividade na nosa localidade, contribuirá á fixación de poboación e ao fortalecemento do tecido socioeconómico local.

No ano 2003 foi aprobada a creación do Parque Empresarial de Mondoñedo dotado de ámbito supramunicipal, que proporciona o solo industrial para o asentamento deste tipo de Empresas. A ubicación idónea do Parque, próxima ao enlace da Autovía do Cantábrico que une Santiago de Compostela e San Sebastián, fai prever unas expectativas inmejorables para o asentamento de empresas de diversos sectores. Que contribúan ao mantemento e a creación de postos de traballo do noso concello reactivando a economía municipal en todos os eidos.

Nese sentido, o Concello de Mondoñedo ten como obxectivo a rexeneración do actual tecido produtivo, así como a colaboración na consolidación de actividades existentes e posta en marcha doutras novas que dean resposta ás necesidades da sociedade actual e que resulten competitivas no marco económico existente. En particular, para esta Administración resulta prioritario o fomento do mantemento e consolidación das actividades existentes e a captación de iniciativas empresariais que se apoien para o desenvolvemento da súa actividade en recursos endóxeos do municipio.

Por outra banda, a execución do polígono industrial de Mondoñedo puxo no mercado unha importante bolsa de suelo urbano de uso industrial e comercial. Dita bolsa permite, non soamente a implantación de novas actividades, senón tamén unha reorganización e reestructuración urbana, de xeito que permite a reubicación de actividades industriais actualmente ubicadas nas contornas residenciais, en eidos especificamente deseñados e urbanizados para o desenvolvemento de dita actividades. Dende esta perspectiva, a reubicación de actividades industriais existentes no tecido urbano residencial no polígono industrial favorece a recuperación urbana así coma a modernización do tecido produtivo.

É, polo que, resulta necesario impulsar instrumentos que permitan contribuír á consecución destes obxectivos, motivo polo que se aproban as presentes bases coa finalidade de regular a solicitude e concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das axudas para o fomento da implantación de actividades económicas no polígono industrial de Mondoñedo

PRIMEIRA.- OBXECTO E FINALIDADE.

1.1.- As presentes bases teñen por obxecto establecer as normas reguladoras para a concesión de axudas por parte do Concello de Mondoñedo coa finalidade de fomentar o mantemento e consolidación das actividades empresariais existentes e a creación de novas empresas ou negocios no parque empresarial de Mondoñedo.

1.2.- A concesión das axudas reguladas nas presentes bases está limitada ás dispoñibilidades orzamentarias existentes en cada exercicio.

1.3.- Entenderase por subvención suxeita a estas bases a toda disposición dineraria realizada polo Concello de Mondoñedo, que cumpra os seguintes requisitos:

- Que a entrega prodúzase sen contraprestación directa dos beneficiarios.
- Que a entrega esté suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto ou a realización dunha actividade.
- Que o proxecto, acción ou situación financiada teña por obxecto o fomento da implantación dunha actividade empresarial no parque empresarial do termo municipal de Mondoñedo.

SEGUNDA.- RÉXIME XURÍDICO.

2.1.- Estas subvencións rexiranse ademais de polo disposto nas presentes bases; pola Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións; polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei Xeral e Subvencións; pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e demais lexislación de aplicación.

2.2.- A xestión desta liña de subvencións axustarase aos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, así como no cumprimento de obxectivos e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

TERCEIRA.- REQUISITOS PARA SER BENEFICIARIOS

3.1.- Para poder ser beneficiarios destas axudas, os solicitantes haberán de reunir os seguintes requisitos:

1. Ser empresa nalguna das seguintes modalidades:

– Persoa física: empresario individual, sociedade civil ou comunidade de bens.

– Persoa xurídica: sociedade mercantil, incluídas as sociedades mercantiles especiais.

2. Ser micro, pequena ou mediana empresa. Segundo a recomendación da Comisión Europea 2003/361/CE, do 6 de maio de 2003, DOL 124, 20-05-2003, as define da seguinte maneira:

– Microempresa: empresa que ocupa a menos de 10 persoas e cuxo volumen de negocios anual ou cuxo balance xeral anual non supera os 2 millóns de euros.

– Pequena empresa: empresa que ocupa a menos de 50 persoas e cuxo volume anual ou cuxo balance xeral anual non supera os 10 millóns de euros.

– Mediana empresa: empresa que ocupa a menos de 250 persoas e cuxo volume de negocios anual non excede de 50 millóns de euros ou cuxo balance xeral anual non excede de 43 millóns de euros.

3. Que se desenvolva unha actividade con ou sen ánimo de lucro que manteña ou xere emprego.

4. Que se adquira solo nas condicións previstas na base cuarta.

5. Que se solicite licenza de edificación –acompañada da totalidade da documentación legalmente esixida- no prazo máximo de cinco meses dende a notificación da concesión da achega obxecto da presente convocatoria.

6. Que as obras de edificación na correspondente parcela comencen nun prazo máximo de seis meses a contar dende a data de outorgamento da licenza de obras.

3.2.- Non poderán ser beneficiarios:

– As empresas nas que conorra algunha das circunstancias establecidas no punto 2 do artigo 13 da Lei 18/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

– Os locais nos que se desenvolva unha actividade non prevista na normativa urbanística vixente para esa situación.

– Aquelas cuxa actividade consista no alugamento de local para o desenvolvemento doutra actividade económica.

CUARTA.- REQUISITOS PARA SER BENEFICIARIOS DAS AXUDAS.

4.1.- As persoas privadas, físicas ou xurídicas, que concorran á convocatoria desta liña de subvencións, deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Estar legalmente constituídas e inscritas formalmente no Rexistro Mercantil, no caso que sexan persoas xurídicas; ou inscritas no Rexistro de Público de Empresarios do Ministerio de Economía e Facenda e/ou alta como declarante do IVE e con tarxeta censal do Imposto de Actividades Económicas e dados de alta no correspondente epígrafe da Seguridade Social no caso que sexa persoas físicas.

b) Estar ao corrente de pago das obrigas de reintegro de subvencións fronte a calquera Facenda Pública e no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, así como non ter débedas co Concello de Mondoñedo.

c) Non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas no artigo 13, apartados 2 e 3 da Lei Xeral de Subvencións.

d) Establecer unha actividade económica no Parque Empresarial de Mondoñedo. Poderán concurrir tanto aquelas empresas que xa teñan iniciado a súa actividade empresarial, co fin de mantela, así como as de nova creación. En ambos casos, co requisito obrigatorio de realizar adquisición de suelo no parque empresarial con posterioridade a aprobación das presentes bases.

e) Que non se obtivera calquera outra subvención municipal polo mesmo concepto.

f) A actividade deberá contar coas licenzas e permisos urbanísticos legalmente esixidos polo Concello de Mondoñedo para o funcionamento da mesma.

g) Que a actividade para a que se solicita a axuda manteña ou xere, alomenos, un posto de traballo vinculado a dita actividade, entendéndose como tal o de promotor.

h) Cumprir cos requisitos establecidos no artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións para obter a condición de beneficiario.

i) O obriga de destinar a parcela de solo industrial adquirida e subvencionada a algunha das actuacións que prevé como posibles na base cuarta deste convocatoria e por un período de CINCO (5) anos, de conformidade co

disposto no artigo 31.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o artigo 29.4.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

QUINTA.- GASTOS SUBVENCIONABLES E CONTÍA MÁXIMA.

5.1.- As subvencións outorgaranse con cargo aos recursos ordinarios do concello de Mondoñedo

O importe máximo da subvención acadará a contía de ata acadar o prezo de 10 euros metro de solo por cada proxecto empresarial.

5.2.- ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES:

Consideranse actuacións subvencionables:

– As inversións efectivamente realizadas para a adquisición de solo de uso industrial no parque empresarial de Mondoñedo.

5.3.- GASTOS SUBVENCIONABLES:

Consideranse gastos subvencionables:

– Se consideran subvencionables, única e exclusivamente, o custe de adquisición do solo, ata o limite descrito

– Para que sexa subvencionable deberá constar efectivamente pagado por algún dos medios válidos no tráfico xurídico de acordo á Lei 7/2012, do 29 de outubro, de modificación da normativa tributaria e orzamentaria e de adecuación da normativa financeira para a intensificación das actuacións na prevención da loita contra o fraude e á Lei 10/2010, de 28 de abril, de prevención de blanqueo de capitais e de financiación do terrorismo e demais lexislación aplicable.

– Non serán considerados gastos subvencionables os gastos notariais, periciais e rexistrais así como o pago dos impostos que graven a transmisión.

SEXTA.- CONCORRENCIA CON OUTRAS SUBVENCÍONS.

6.1.- A axuda concedida será compatible con outras axudas ou subvencións calesqueira que sexa a súa natureza e a entidade que as conceda. Esta compatibilidade non é aplicable no suposto de que a empresa recibirá subvención do Concello de Mondoñedo polo mesmo obxecto da presente convocatoria.

6.2.- A subvención queda supeditada ao cumprimento da normativa vixente e, en especial, da Unión Europea.

Nestes termos, a subvención será compatible con calquera axuda pública ou privada, máis en ningún caso, aisladamente o en concorrencia con outras, poderán superar os límites máximos da axuda de mínimos (Regulamento UE número 1407/2013 da Comisión, de 18 de decembro, relativo á aplicación do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás Axudas de mínimos) establecidos na Unión Europea.

6.3.- O solicitante deberá declarar todas as axudas que solicitara ou obtivera, tanto ao iniciarse o expediente administrativo como en calquera outro momento do procedemento.

6.4.- O importe acumulado da totalidade das subvencións outorgadas non poderá exceder do 80% do custe de implantación da actividade.

SÉPTIMA.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

7.1.- O prazo de presentación das solicitudes e demais documentación iniciarase coa publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

7.2.- Lugar e prazo de presentación das solicitudes: no Rexistro Xeral do Concello de Mondoñedo, praza do Concello, no 1, en horario de 9:00 a 14:00 horas (de luns a vernos), durante o prazo de 15 días a partires do día seguinte da publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Así mesmo, admitirase a súa presentación por calquera dos medios establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

7.3.- Documentación a presentar: As solicitudes presentaranse segundo o modelo do Anexo I da presente convocatoria, o cal deberá estar debidamente cumprimentado e acompañarse orixinal e fotocopia (para a súa compulsa) da seguinte documentación:

a) NIF/DNI do empresario ou da empresa.

b) Compromiso de adquisición de unha parcela no parque empresarial de Mondoñedo. Dito compromiso deberá identificar catastralmente á parcela sobor o que se proxecta.

c) Anexo II debidamente cumprimentado e rubricado no que se declare responsablemente polo solicitane ou o seu representante legal da empresa:

– Que a adquisición cumpre co establecido nas bases cuarta e quinta desta convocatoria.

– Que comenazarase a edificación da parcela no prazo establecido na base terceira da convocatoria.

– O compromiso de destinar a adquisición a unha actividade con ou sen ánimo de lucro que xere emprego, durante o período de TRES (3) anos contados dende o outorgamento da licencia.

d) Anexo III debidamente cumprimentado no que se declare:

– Acreditación das subvencións ou axudas solicitadas e obtidas para a mesma adquisición, ou no seu caso, mención expresa de que non se obtivo ningunha axuda.

– Declaración responsable de que a Empresa non está afectada pola incompatibilidade que suponen as axudas acolidas ao réxime de “mínimis”.

e) Anexo IV: Memoria da actuación debidamente cumprimentada.

f) No caso de sociedades, escritura de constitución e DNI do representante e poder de representación.

g) No suposto de comunidades de bens, a documentación solicitada deberá achegarse por todas e cada unha das persoas comuneras e, así mesmo, obligaranse como persoas físicas conxunta e solidariamente, debéndose firmar a solicitude e as declaracións responsables por todas as persoas socias.

h) Certificado de estar ao corrente de obrigas con Facenda e co Concello de Mondoñedo.

i) Certificado de estar ao corrente das obrigas coa Seguridade Social, tanto da empresa como do empresario ou profesional autónomo.

j) Orixinal do documento de designación de conta bancaria conformada pola entidade bancaria.

OITAVA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN

8.1.- O procedemento de concesión das subvencións con cargo a esta convocatoria establécese en función da orde de recepción (data de rexistro) das solicitudes presentadas con toda a documentación requirida nestas bases, de conformidade co previsto na normativa estatal e autonómica. Non se iniciará a tramitación de ningunha solicitude que non esté completamente documentada.

8.2.- A instrucción do procedemento de concesión seguirá as seguintes fases:

– O órgano instructor realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

– De acordo co establecido no artigo 24.3 da Lei Xeral de Subvencións, as actividades de instrucción comprenderán as que se indican a continuación:

a) Petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos por esta convocatoria específica e as demais normas que regulan esta subvención.

b) Avaliación das solicitudes ou peticións, efectuada conforme cos criterios, formas e prioridades de valoración establecidos na Base 12 seguinte.

– Se a solicitude de subvención non reúne os requisitos establecidos por esta convocatoria, incluído o defecto, erro ou ausencia nos datos da solicitude e/ou na documentación presentada, o órgano instructor requirirá ao interesado para que emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, no prazo máximo e improrrogable de dez (10) días hábiles, indicándolle que se non o fixese teráselle por desistido da súa solicitude, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

– Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, en calquera fase do procedemento anterior á proposta de resolución, poderase requirir á entidade ou agrupación solicitante que achegue a información edocumentación aclaratoria e complementaria que se considere conveniente para a correcta definición, avaliación, e comprobación da solicitude presentada.

– Criterios de valoración das solicitudes: A instructora do procedemento comprobará a concorrencia en cada unha das persoas solicitantes de todos os requisitos e condicións esixidos nesta convocatoria.

– O órgano instructor á vista do expediente e da documentación presentada, formulará proposta de resolución definitiva, debidamente motivada, que deberá expresar o solicitante ou relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención, e a súa contía, e se notificará aos interesados que foran propostos como beneficiarios na fase de instrucción, para que no prazo de dez días comuniquen a súa aceptación ou renuncia ao órgano instructor. Transcorrido este prazo sen producirse a aceptación expresa, a subvención entenderase tacitamente aceptada.

– O expediente de concesión de subvencións conterá o informe do órgano instructor no que conste que da información que obra no seu poder despréndese que os beneficiarios cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás mesmas. A proposta de resolución definitiva non crea dereito algún a prol do beneficiario proposto fronte á Administración mentres non se lle notificara a resolución da concesión.

– Á vista das subvencións que constan na proposta de resolución definitiva e que foron aceptadas, o órgano competente resolverá o procedemento. O acordo de resolución da convocatoria incluírá ademais do solicitante ou relación de solicitantes aos que se lles concede a subvención e unha relación ordenada por data de

presentación de todas as solicitudes que, cumprindo coas condicións administrativas e técnicas establecidas nas bases reguladoras, non sexan estimadas debido ao esgotamento da partida orzamentaria.

Se se renunciase á subvención por algún dos beneficiarios, o órgano concedente acordará repartir os importes das subvencións entre o resto de beneficiarios ata esgotar o crédito dispoñible. Esa cantidade suplementaria tramitarase como unha nova concesión.

– Recursos procedentes contra a resolución do procedemento: A resolución do procedemento porá fin á vía administrativa. Contra a dita resolución caberá a interposición de recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Con todo, os interesados poderán, con carácter potestativo, presentar recurso de reposición ante o propio órgano que ditou a resolución no prazo dun mes.

NOVENA.- ACEPTACIÓN E PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN.

9.1.- Aceptación da subvención: A subvención está afectada ao cumprimento da finalidade para a que outórgase e enténdese aceptada dende o momento da súa concesión, polo que non será necesario a presentación de documentación adicional polo beneficiario.

9.2.- Pago da subvención:

Primeiro pago: Realizarase previa presentación no Concello de Mondoñedo documentación acreditativa da compra efectiva da parcela: copia simple o fotocopia debidamente compulsada da escritura pública de compraventa acreditativa da adquisición e do pagamento debidamente inscrita no rexistro da propiedade.

Na escritura pública deberá constar que a actuación subvencionada será destinada ás actuacións previstas na base cuarta desta convocatoria e por un período de CINCO (5) anos, de conformidade co previsto na normativa estatal e autonómica de Subvencións. Ademais na mesma debe figurar tamén que o terreo adquirido está clasificado como solo urbano de uso industrial consolidado no PXOM do Concello de Mondoñedo.

– Segundo pago: Realizarase previa presentación no Concello de Mondoñedo acta de implantación e inicio das obras, con supervisión municipal se se estima oportuno.

– Terceiro pago: Realizarase previa presentación no Concello de Mondoñedo da documentación acreditativa do inicio da actividade (alta dos suministros, alta como centro de traballo.. etc), xunto co compromiso de mantemento da actividade polo prazo de TRES (3) anos, contados dende a elevación a escritura pública do acordo de compraventa.

Poderase conceder un anticipo equivalente ao 100% da contía da subvención no suposto de que a parcela se adquira ao Concello de Mondoñedo. Neste suposto, o pago se efectuará mediante compensación de créditos no momento da elevación a escritura pública do acordo de venta, de xeito que o importe efectivo a ingresar na Tesourería municipal será a diferenza entre o prezo de venta e o importe da subvención concedida.

Neste suposto, a garantía do pago anticipado consiste na incorporación ao texto da escritura pública de condición resolutoria no suposto de incumprimento das obrigas asumidas nas presentes bases.

DÉCIMA.- REINTEGRO DAS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS.

10.1.- Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención concedida no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas de reintegro previstas no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións.

10.2.- Causas do reintegro das subvencións concedidas: O Concello da Mondoñedo obrigará ao reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e á esixencia do interese legal do diñeiro que resulte de aplicación desde o momento do abono da subvención ata a data do reintegro, nos seguintes supostos, ademais dos casos indicados no apartado anterior:

- Incumprimento total ou parcial dos obxectivos que fundamentan a concesión da subvención.
- Incumprimento total ou parcial da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente nos termos establecidos no artigo 30 da Lei Xeral de Subvencións.
- Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 14 e 15 da Lei Xeral de Subvencións, así como o incumprimento das obrigacións contables, rexistrais ou de conservación de documentos.
- Incumprimento das obrigas establecidas con motivo da concesión da subvención.
- Calquera outra causa das previstas nos artigos 32 e seguintes da Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia, nos artigos 74 a 76 inclusive do Regulamento Xeral para a aplicación da citada.

10.3.- O procedemento para o reintegro será o establecido polos artigos 41 e 42 da Lei Xeral de Subvencións e 9 e seguintes do Regulamento Xeral de Subvencións.

10.4.- En todo caso, durante a tramitación do procedemento de reintegro garantirase o dereito da persoa interesada ao trámite de audiencia.

10.5.- En calquera momento poderá o beneficiario dunha subvención desistir ou renunciar a súa concesión, sen perxuízo das responsabilidades as que, nalgún suposto, houbera lugar e sen que, producido xa o abono da mesma, deba procederse a súa devolución conforme o procedemento de reintegro de subvencións citado.

DÉCIMOPRIMEIRA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN

11.1.- Constituirán infraccións en materia de subvencións as accións e omisións tipificadas na Lei Xeral de Subvencións e normativa de desenvolvemento.

11.2.- Poderánse impór as sancións tipificadas nos artigos 59 a 63 da Lei Xeral de Subvencións axustándose ao procedemento sancionador previsto nos artigos 52 a 58 e 66 a 69 da citada Lei e sendo o órgano competente para a súa resolución o mesmo órgano que ten atribuída a competencia para a resolución de concesión e aboamento das subvencións".

En Mondoñedo, a 23 de decembro de 2019.- O Secretario, José María Vázquez Pita.

R. 3895

A POBRA DO BROLLÓN

Anuncio

Cumprido o tramite de exposición pública da ordenanza que se indica a continuación sen que se presentase reclamación algunha considéranse definitivamente aprobada co texto que figura a continuación:

1.01ª.- Ordenanza fiscal reguladora do imposto de bens inmobles.

Artigo 1.

Segundo o previsto na lexislación vixente en materia de tributos locais, o tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles neste Municipio, queda fixado nos termos que se establecen no artigo seguinte.

Artigo 2.

1. O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles, aplicable ós bens de natureza urbana, queda fixado no 0,66%.
2. O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles, aplicable aos bens de natureza rústica, queda fixado no 1,10%.
3. O tipo de gravame para os Bens Inmobles de Características Especiais queda fixado no 1,3%.

Artigo 3.

- 1.- Estarán exentos deste imposto os bens inmobles de natureza urbana dos que a cota resultante en aplicación do tipo de gravame establecido no artigo anterior non supere a cantidade de 5,99€.
- 2.- Estarán exentos deste imposto os bens inmobles de natureza rústica dos que, no seu conxunto para cada titular, a cota resultante en aplicación do tipo de gravame establecido no artigo anterior non supere a cantidade de 5,99€.

Artigo 4.

4.1 Bonificación ás explotacións agrícolas e gandeiras

1. Gozarán dunha bonificación do 40% da cota íntegra do imposto, aqueles inmobles nos que estean ubicadas unicamente construcións nas que se desenvolvan actividades económicas (agrícolas ou gandeiras) que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración, así como as construcións destinadas unicamente a actividades agrarias ou gandeiras. Corresponderá dita declaración á Xunta de Goberno Local en canto que competencia delegada do Pleno.

2. A bonificación terá carácter rogado, debendo ser presentada a correspondente solicitude polo suxeito pasivo, e surtirá efectos a partir do período impositivo seguinte ao da resolución da solicitude.

3. Para a súa aprobación, os interesados deberán presentar a seguinte documentación:

- Certificado de facenda na que conste a situación censal do titular da actividade, que pode coincidir ou non co suxeito pasivo.
- Acreditación da titularidade catastral do inmovible.
- Certificación acreditativa de que o suxeito pasivo non ten débedas coa facenda estatal, coa facenda autonómica ni coa Seguridade Social.

~ Xustificación do recoñecemento da explotación, ou licenza ou comunicación da actividade correspondente.

4. Previamente á súa aprobación, o Concello realizará de oficio as actuacións precisas para a comprobación dos extremos expostos ao respecto da bonificación solicitada.

5. Os obrigados tributarios deberán comunicar ao concello calquera modificación relevante das condicións ou requisitos esixibles para a aplicación de este beneficio fiscal. Polo Concello poderá declararse, previa audiencia do abrigado tributario por un prazo de dez días, (contados a partir do seguinte ao da recepción da notificación da apertura de dita prazo) se procede ou non a continuación da aplicación do beneficio fiscal. De igual xeito se procederá cando a administración coñeza por calquera outro medio, a modificación das condicións ou os requisitos para a aplicación do beneficio fiscal.

4.2 Bonificación ás actividades económicas que xeren emprego

1.- Gozarán dunha bonificación na porcentaxe que se indicará no punto 3, da cota íntegra do imposto, aqueles inmoables urbanos nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración. Corresponderá dita declaración á Xunta de Goberno Local en canto que competencia delegada do Pleno.

2.- Dita bonificación será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación

dunha nova actividade económica ou empresarial, así como aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando impliquen creación de emprego.

3.- As porcentaxes a que se refire o punto 1, son as seguintes.

Porcentaxe	Condición
95%	Pola creación de máis de 20 postos de traballo.
75%	Pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.
50%	Pola creación de ata 10 postos de traballo.

4.- A bonificación que se conceda terá aplicación durante tres exercicios orzamentarios.

5.- Os postos de traballo creados deberán manterse polo menos durante os exercicios de vixencia da bonificación.

6.- A bonificación terá carácter rogado, debendo ser presentada a correspondente solicitude polo suxeito pasivo, e surtirá efectos a partir do período impositivo seguinte ao da resolución da solicitude.

7.- Para a súa aprobación, os interesados deberán presentar a seguinte documentación:

- Certificado de facenda na que conste a situación censal do titular da actividade, que pode coincidir ou non co suxeito pasivo.
- Acreditación da titularidade catastral do inmoable.
- Certificación acreditativa de que o suxeito pasivo non ten débedas coa facenda estatal, coa facenda autonómica ni coa Seguridade Social.
- ~ Licenza ou comunicación da actividade correspondente.

8.- Previamente á súa aprobación, o Concello realizará de oficio as actuacións precisas para a comprobación dos extremos expostos ao respecto da bonificación solicitada.

9.- Os obrigados tributarios deberán comunicar ao concello calquera modificación relevante das condicións ou requisitos esixibles para a aplicación de este beneficio fiscal. Polo Concello poderá declararse, previa audiencia do abrigado tributario por un prazo de dez días, (contados a partir do seguinte ao da recepción da notificación da apertura de dita prazo) se procede ou non a continuación da aplicación do beneficio fiscal. De igual xeito se procederá cando a administración coñeza por calquera outro medio, a modificación das condicións ou os requisitos para a aplicación do beneficio fiscal.

Artigo 5.

Naquilo non expresamente previsto na presente Ordenanza, rexerán os preceptos contidos na Subsección segunda, da Sección terceira, do Capítulo II do Título II do Texto Refundido da Lei 39/1988, Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, concordantes e complementarios da mesma, e nas demais Leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

Disposición final

A redacción definitiva da presente Ordenanza foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o dezaseis de outubro de dous mil dezanove, e entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial

da Provincia e será de aplicación a partir do día un de xaneiro de dous mil vinte, permanecendo en vigor ata a súa modificación u derogación.

A Pobra do Brollón, 19 de decembro de 2019.- O alcalde, José Luis Maceda Vilariño.

R. 3881

Anuncio

O Pleno do Concello, en sesión celebrada o día 19/12/2019, aprobou inicialmente o expediente de modificación de créditos do orzamento do 2019. Expediente 582/2019. Dando cumprimento ao preceptuado no artigo 177.2 en relación co artigo 169.1 do real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, expónse ao público por prazo de quince días hábiles na secretaria deste Concello que comezará a contarse dende o seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que durante o mesmo poidan formularse as reclamacións que se consideren oportunas e que deberán dirixirse ao sr. alcalde-presidente deste Concello.

A Pobra do Brollón, 20 de decembro de 2019.- O alcalde, José Luis Maceda Vilariño.

R. 3882

Anuncio

Cumprido o tramite de exposición pública da ordenanza que se indica a continuación sen que se presentase reclamación algunha considéranse definitivamente aprobada co texto que figura a continuación:

1.01ª.- Ordenanza fiscal reguladora do imposto de bens inmobles.

Artigo 1.

Segundo o previsto na lexislación vixente en materia de tributos locais, o tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles neste Municipio, queda fixado nos termos que se establecen no artigo seguinte.

Artigo 2.

1. O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles, aplicable ós bens de natureza urbana, queda fixado no 0,66%.
2. O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles, aplicable aos bens de natureza rústica, queda fixado no 0,80%.
3. O tipo de gravame para os Bens Inmobles de Características Especiais queda fixado no 1,3%.

Artigo 3.

- 1.- Estarán exentos deste imposto os bens inmobles de natureza urbana dos que a cota resultante en aplicación do tipo de gravame establecido no artigo anterior non supere a cantidade de 5,99€.
- 2.- Estarán exentos deste imposto os bens inmobles de natureza rústica dos que, no seu conxunto para cada titular, a cota resultante en aplicación do tipo de gravame establecido no artigo anterior non supere a cantidade de 5,99€.

Artigo 4.

4.1 Bonificación ás explotacións agrícolas e gandeiras

1. Gozarán dunha bonificación do 40% da cota íntegra do imposto, aqueles inmobles nos que estean ubicadas unicamente construcións nas que se desenvolvan actividades económicas (agrícolas ou gandeiras) que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración, así como as construcións destinadas unicamente a actividades agrarias ou gandeiras. Corresponderá dita declaración á Xunta de Goberno Local en canto que competencia delegada do Pleno.

2. A bonificación terá carácter rogado, debendo ser presentada a correspondente solicitude polo suxeito pasivo, e surtirá efectos a partir do período impositivo seguinte ao da resolución da solicitude.

3. Para a súa aprobación, os interesados deberán presentar a seguinte documentación:

- Certificado de facenda na que conste a situación censal do titular da actividade, que pode coincidir ou non co suxeito pasivo.
- Acreditación da titularidade catastral do inmovible.

- Certificación acreditativa de que o suxeito pasivo non ten débedas coa facenda estatal, coa facenda autonómica ni coa Seguridade Social.

~ Xustificación do recoñecemento da explotación, ou licenza ou comunicación da actividade correspondente.

4. Previamente á súa aprobación, o Concello realizará de oficio as actuacións precisas para a comprobación dos extremos expostos ao respecto da bonificación solicitada.

5. Os obrigados tributarios deberán comunicar ao concello calquera modificación relevante das condicións ou requisitos esixibles para a aplicación de este beneficio fiscal. Polo Concello poderá declararse, previa audiencia do abrigado tributario por un prazo de dez días, (contados a partir do seguinte ao da recepción da notificación da apertura de dita prazo) se procede ou non a continuación da aplicación do beneficio fiscal. De igual xeito se procederá cando a administración coñeza por calquera outro medio, a modificación das condicións ou os requisitos para a aplicación do beneficio fiscal.

4.2 Bonificación ás actividades económicas que xeren emprego

1.- Gozarán dunha bonificación na porcentaxe que se indicará no punto 3, da cota íntegra do imposto, aqueles inmobles urbanos nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración. Corresponderá dita declaración á Xunta de Goberno Local en canto que competencia delegada do Pleno.

2.- Dita bonificación será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando impliquen creación de emprego.

3.- As porcentaxes a que se refire o punto 1, son as seguintes.

Porcentaxe	Condición
95%	Pola creación de máis de 20 postos de traballo.
75%	Pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.
50%	Pola creación de ata 10 postos de traballo.

4.- A bonificación que se conceda terá aplicación durante tres exercicios orzamentarios.

5.- Os postos de traballo creados deberán manterse polo menos durante os exercicios de vixencia da bonificación.

6.- A bonificación terá carácter rogado, debendo ser presentada a correspondente solicitude polo suxeito pasivo, e surtirá efectos a partir do período impositivo seguinte ao da resolución da solicitude.

7.- Para a súa aprobación, os interesados deberán presentar a seguinte documentación:

- Certificado de facenda na que conste a situación censal do titular da actividade, que pode coincidir ou non co suxeito pasivo.

- Acreditación da titularidade catastral do inmovible.

- Certificación acreditativa de que o suxeito pasivo non ten débedas coa facenda estatal, coa facenda autonómica ni coa Seguridade Social.

~ Licenza ou comunicación da actividade correspondente.

8.- Previamente á súa aprobación, o Concello realizará de oficio as actuacións precisas para a comprobación dos extremos expostos ao respecto da bonificación solicitada.

9.- Os obrigados tributarios deberán comunicar ao concello calquera modificación relevante das condicións ou requisitos esixibles para a aplicación de este beneficio fiscal. Polo Concello poderá declararse, previa audiencia do abrigado tributario por un prazo de dez días, (contados a partir do seguinte ao da recepción da notificación da apertura de dita prazo) se procede ou non a continuación da aplicación do beneficio fiscal. De igual xeito se procederá cando a administración coñeza por calquera outro medio, a modificación das condicións ou os requisitos para a aplicación do beneficio fiscal.

Artigo 5.

Naquilo non expresamente previsto na presente Ordenanza, rexerán os preceptos contidos na Subsección segunda, da Sección terceira, do Capítulo II do Título II do Texto Refundido da Lei 39/1988, Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, concordantes e complementarios da mesma, e nas demais Leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións ditas para o seu desenvolvemento.

Disposición final

A redacción definitiva da presente Ordenanza foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o trinta e un de outubro de dous mil dezanove, e entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do día un de xaneiro de dous mil vinte, permanecendo en vigor ata a súa modificación u derogación.

A Pobra do Brollón, 23 de decembro de 2019.- O alcalde, José Luis Maceda Vilariño.

R. 3896

RIBADEO*Anuncio***PREZO PÚBLICO POLAS ACTIVIDADES DO NADAL 2019 RIBAXOGO**

Con data 17/12/2019, segundo a posibilidade prevista no artigo 47.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, a Xunta de Goberno Local do Concello de Ribadeo adoptou acordo de fixación de prezo público concreto, en desenvolvemento da ORDENANZA P3 POLO PREZO PÚBLICO POLA VENDA DE LIBROS, PUBLICACIÓNS, MATERIAL PROMOCIONAL E POLA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES, XORNADAS, SEMINARIOS, CURSOS OU SIMILARES, de acordo co seguinte:

- **"PRIMEIRO.-** Aprobar os seguintes prezos públicos para a actividade de Nadal RIBAXOGO 2019, de acordo co recollido no artigo 5 da ORDENANZA P3 POLO PREZO PÚBLICO POLA VENDA DE LIBROS, PUBLICACIÓNS, MATERIAL PROMOCIONAL E POLA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES, XORNADAS, SEMINARIOS, CURSOS OU SIMILARES:
- *Prezo por acceso en horario de mañá ao recinto onde se desenvolverá a actividade RIBAXOGO 2019: 3,00 €, que inclúe o IVE que proceda no seu caso.*
- *Prezo por acceso en horario de mañá e tarde: 5,00 €, que inclúe o IVE que proceda no seu caso.*
- *Prezo reducido por acceso en horario de mañá: 1,50 €, que inclúe o IVE que proceda no seu caso. Para ter acceso ao prezo reducido deberán achegarse facturas/tickets de compra de calquera establecemento asociado ao Centro Comercial Aberto de Ribadeo, por importe de 20 euros ou máis.*
- *Prezo reducido por acceso en horario de mañá e tarde: 2,50 €, que inclúe o IVE que proceda no seu caso. Para ter acceso ao prezo reducido deberán achegarse facturas/tickets de compra de calquera establecemento asociado ao Centro Comercial Aberto de Ribadeo, por importe de 20 euros ou máis.*

SEGUNDO.- Publicar o presente acordo e o importe dos prezos públicos no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello, entrando en vigor a partir do día seguinte a aquel en que se produza a publicación no BOP."

Contra o acordo de aprobación definitiva poderase interpoñer recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses desde a publicación deste anuncio, de conformidade co disposto no art. 10 e 46 da Lei 29/1988, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Todo isto sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime conveniente.

Ribadeo, 19 de decembro de 2019.- ALCALDE, FERNANDO SUÁREZ BARCIA.

R. 3883

RIBEIRA DE PIQUÍN*Anuncio*

O pleno da Corporación, en sesión extraordinaria celebrada o 25 de novembro de 2019, aprobou inicialmente os Orzamentos, Cadro de Persoal e Relación de Postos de Traballo do exercicio 2020. Conforme ao artigo 169 do TRLFL someteuse o expediente a información pública por prazo de 15 días. Non producíndose alegacións durante o citado período resultan definitivamente aprobados os Orzamentos, Cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do exercicio 2020. En cumprimento do que dispón o apartado 3 do artigo 169 do TRLFL, faise público que o dito orzamento ascende en gastos e ingresos a 793.483,91 euros. Correspondendo a cada capítulo as cantidades que a continuación se expresan segundo o seguinte detalle:

ESTADO DE GASTOS

Capítulos	Denominación	Euros
	A) Operacións correntes	
1	Gastos de persoal	468.300,00
2	Gastos en bens correntes e servizos	254.002,30
3	Gastos financeiros	0,00
4	Transferencias correntes	21.100,00
	B) Operacións de capital	
6	Inversións reais	50.081,61
7	Transferencias de capital	0,00
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	0,00
	SUMA TOTAL DE GASTOS	793.483,91

ESTADO DE INGRESOS

Capítulos	Denominación	Euros
	A) Operacións correntes	
1	Impostos directos	149.500,00
2	Impostos indirectos	2.000,00
3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	96.150,00
4	Transferencias correntes	505.108,60
5	Ingresos patrimoniais	100,00
	B) Operacións de capital	
6	Enaxenación de inversións reais	0,00
7	Transferencias de capital	40.625,31
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	0,00
	SUMA TOTAL DE INGRESOS	793.483,91

CADRO DE PERSOAL DESTA ENTIDADE PARA O 2020

A.-Funcionarios de Carreira		Nº prazas	Grupo	Nivel	S.I.T
1.	Secretario*				
2.	Escala de Administración Xeral				
2.1.	Subescala Administrativa				
2.1.a.	Administrativo	1	C1	22	V.D.
3.	Escala de Administración Especial				

3.1.	Subescala de Servizos Especiais				
3.1.a.	Operario Servizos Múltiples. Conductor	1	C2	18	O
3.1.b.	Alguacil Porteiro	1	A.P.	14	V.D.

* Eximida esta entidade (Resolución D.G.F.P de 16/03/88)

SIGLAS UTILIZADAS EN LA RELACIÓN DE LA PLANTILLA DE PERSONAL.

S.I.T.=Situación (O=Ocupada, VD= Vacante Dotada)

B.- Persoal Laboral Fixo.- 1 Traballador/a social

C.- Persoal Eventual.- Ningún

RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO

<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>R.J</u>	<u>D.O.T</u>	<u>N.C.D</u>	<u>C.E.M</u>	<u>T.P</u>	<u>ADSCRIPCIÓN</u>			<u>TIT.</u> <u>ACADEM.</u>	<u>S.I.T</u>
						<u>Grupo</u>	<u>Escala</u>	<u>Subesc.</u>		
Secretario *										
Administrativo.	F	1	22	829,39	NS	C1	A.G.	A.D.	1	V.D.
Operario Servizos Múltiples. Conductor. Encargado do parque de vehículos e apoio ás tarefas básicas en oficinas	F	1	18	505,77	NS	C2	A.E.	S.E.C.	2	O
Alguacil Porteiro.	F	1	14	354,41	NS	A.P.	A.E.	S.E.A.P.	3	V.D.

* Eximida esta entidade (Resolución D.G.F.P de 16/03/88)

SIGLAS EMPREGADAS NA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO

R.J= Réxime Xurídico(F= Funcionario); D.O.T=Dotación; N.C.D=Nivel Complemento Destino; C.E.M= Complemento Esp. Mensual; T.P.=Tipo de Posto (NS = No Singularizado); Escala (A.G.=Escala Administración Xeral, A.E=Escala Administración Especial); Subescala (A.D.=Administrativa, S.E.A.P.=Servizos Especiais Alguacil-porteiro, S.E.C.=Servizos Especiais Conductor); Titulación Académica (1= Titulación Específica Grupo C1, 2=Titulación Específica Grupo C2, 3= Titulación Específica Agrupacións Profesionais); S.I.T.=Situación (O=Ocupada, VD= Vacante Dotada)

ANEXO Á RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO 2020

PERSONAL LABORAL CONTRATADO TEMPORALMENTE PARA OS DISTINTOS SERVICIOS CONFORME ÁS SUBVENCIONES OU CONVENIOS CONCERTADOS CON OUTRAS ADMINISTRACIONES PÚBLICAS.

PUESTO	Nº PUESTOS	CARACTERÍSTICAS
Auxiliar axuda no fogar	9	Tempo Completo
Persoal programa Depuemprego	5	Tempo Completo
Persoal programa Aprod Rural	1	Tempo Completo
Técnico en orientación laboral	1	Tempo Completo

Ribeira de Piquín, 27 de decembro de 2019.- Alcalde-presidente, Roberto Fernandez Rico.

R. 3921

SOBER*Anuncio*

O Pleno do Concello de Sober, en sesión extraordinaria, celebrada o día 10 de outubro de 2019, acordou a aprobación inicial da **modificación da** “Ordenanza fiscal reguladora da taxa por prestación de servizos de recollida de residuos sólidos urbanos”. O citado acordo foi exposto ao público polo prazo de 30 días hábiles mediante anuncio publicado no BOP o día 25 de outubro de 2019, sen que durante ese prazo se presentase reclamación algunha, polo que se entende definitivo o acordo inicialmente adoptado co texto que se transcribe:

“ACUERDO

PRIMERO. Aprobar la modificación del artículo 5º de la Ordenanza fiscal reguladora de la tasa por la prestación del servicio de recogida de residuos sólidos urbanos del Ayuntamiento de Sober en los términos siguientes:

“Artigo 5º.- Cota tributaria

1.- A cota tributaria consistirá nunha cantidade fixa por unidade de local que se determinará en función da natureza e destino dos inmobles.

2.- A tal efecto, aplicárase a seguinte Tarifa:

CONCEPTOS**Epígrafe 1.- Vivendas**

Por cada vivenda 47,5 €

(Enténdese por vivenda a destinada a domicilio de carácter familiar)

Epígrafe 2.- Aloxamentos

A) Hoteis e pensións 114 €

B) Casas de turismo rural 57 €

Epígrafe 3.- Establecementos de alimentación

Por cada establecemento de alimentación 76 €

Epígrafe 4.- Establecimentos de restauración

Por cada establecemento de restauración... 95 €

Epígrafe 5.- Outros locais industriais ou mercantís

Por cada outro local industrial ou mercantil (Oficinas, oficinas bancarias, farmacias, almacéns, talleres mecánicos carpinterías, bodegas e demais locais non expresamente tarifados) 76 €

3.-As cuotas sinaladas na Tarifa teñen carácter irreducible e corresponden a doce meses.”

Sober, a 20 de decembro de 2019.- O Alcalde, Luis Fernández Guitián

R. 3884

TABOADA*Anuncio***APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO XERAL PARA O EXERCICIO 2020**

Despois de quedar definitivamente aprobado polo Pleno deste Concello o orzamento para o exercicio económico de 2020, por acordo adoptado en sesión celebrada o día 28 de novembro de 2019, ao non presentarse reclamacións en prazo, en cumprimento do disposto no artigo 169.3 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, faise público que dito orzamento ascende, tanto en gastos como en ingresos, á contía de **2.339.096,82 €**, correspondendo a cada capítulo as cantidades que se expresan a continuación:

ESTADO DE GASTOS		ESTADO DE INGRESOS	
Cap. 1.- Gastos de persoal	1.214.728,15	Cap. 1.- Impuestos indirectos	741.263,44
Cap.2.-Gastos en bens correntes e de servizos	795.122,76	Cap.2.- Impuestos indirectos	80.270,00

Cap. 3.- Gastos financeiros	4.000,00	Cap. 3.- Taxas e outros ingresos	307.043,63
Cap. 4.- Transferencias correntes	65.590,00	Cap. 4.- Transferencias correntes.	1.118.856,22
		Cap. 5.- Ingresos Patrimoniais	8.042,00
Cap. 6.- Investimentos reais	255.712,06	Cap. 6.- Alleamento de investimentos reais	0,00
Cap. 7.-Transferencias de capital	0,00	Cap. 7.-Transferencias de capital	83.621,53
Cap. 8.- Activos financeiros	0,00	Cap. 8.- Activos financeiros	0,00
Cap. 9.- Pasivos financeiros	3.943,85	Cap. 9.- Pasivos financeiros	0,00
TOTAL GASTOS	2.339.096,82	TOTAL INGRESOS	2.339.096,82

Na referida sesión tamén se acordou aprobalo cadro de persoal, que, de acordo co que se preceptúa no artigo 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, reproducíase a continuación:

A) FUNCIONARIOS

Praza	Dot.Prazas	Grupo	Escala	Subescala	Situación
Secretario/a Interventor/a	1	A1	Habilitación nacional	Secretaría Intervención	Cuberta en propiedade
Traballador/a social	1	A2	Administración especial	Técnica	Cuberta
Administrativo/a	1	C1	Administración xeral	Administrativa	Cuberta
Administrativo/a	1	C1	Administración xeral	Administrativa	Cuberta
Auxiliar administrativo/a	2	C2	Administración xeral	Auxiliar	1 Cuberta/1 Vacante (Vacante en proceso de estabilización de emprego).
Encargado/a actividades Soc.- culturais	1	C2	Administración especial	Auxiliar	Cuberta

B) PERSOAL LABORAL FIXO

Praza	Dot. de prazas	Situación
Técnico local de emprego	1	Cuberta
Operario servizos múltiples	1	Cuberta
Conductor brigada servizos múltiples	1	Cuberta
Conserxe	2	Cubertas2
Encargado servizo recollida lixo	1	Cuberta
Encargado servizo limpeza	1	Cuberta
Capataz brigada	1	Cuberta
Peón operario brigada	1	Cuberta

C) PERSOAL LABORAL TEMPORAL

Praza	Dot. de prazas	Situación
Arquitecto técnico	1	Cuberta
Auxiliar axuda no fogar	25	Cubertas 25
Limpador/a (1 indefinido por sentenza xudicial)	3	Cubertas 3 (2 prazas en proceso de consolidación de emprego temporal)

Monitora deportiva	2	Cubertas 2 (1 praza en proceso de consolidación de emprego temporal)
Auxiliar administrativo (indefinido por sentenza xudicial)	1	Cuberta
Educador familiar (indefinido por sentencia xudicial)	1	Cuberta
Traballador Social de apoio	1	Cuberta
Peón de obras	3	Vacantes

Taboada, a 26 de decembro de 2019.- O Alcalde, Ramiro Moure Ansoar.

R. 3922

Anuncio

Aprobación definitiva da modificación da “Ordenanza fiscal reguladora da taxa por recollida de lixo”

APROBACION DEFINITIVA

O Pleno do Concello de Taboada, en sesión ordinaria celebrada o 29 de outubro de 2019 adoptou o acordo de aprobar inicialmente a modificación da “Ordenanza fiscal reguladora da taxa por recollida de lixo”, acordo que se expuxo ao público mediante edicto no taboleiro de anuncios e no BOP nº 256 do 8 de novembro de 2019, polo prazo de trinta días hábiles, sen que se producira ningunha reclamación.

Estando, polo tanto, aprobada definitivamente a modificación da “Ordenanza fiscal reguladora da taxa por recollida de lixo”, publícase o artigo a modificar no BOP en cumprimento do disposto no artigo 17.4 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

O texto da ordenanza fiscal é o seguinte:

“Artigo 7º.- Cota tributaria

TARIFAS	PRECIO
Epígrafe 1.- Vivendas	28,63 € / semestre
Epígrafe 2.- Establecementos de alimentación (supermercados, economatos, cooperativas, carnicerías, peixaría, panaderías e similares)	96,35 € / semestre
Epígrafe 3.- Establecementos de restauración (restaurantes, hoteis, hostais, bares, cafeterías e similares)	72,26€ / semestre
Epígrafe 4.- Talleres, almacéns e similares	
4.1.-Talleres mecánicos	54,20 € / semestre
4.2.-Reparación e venda de pneumáticos	54,20 € / semestre
4.3.-Carpinterías metálicas	54,20 € / semestre
4.4.-Almacéns materiais de construción	54,20 €/semestre
4.5.- Estación de servizo o gasoleiras	54,20 € € / semestre
4.6.- Depósitos e almacéns cerrados ao público	54,20 € / semestre
4.7.- Cristalerías	54,20 €/semestre
Epígrafe 5.- Outros locais industriais e mercantís	
5.1.- Bancos	72,26€ / semestre
5.2.- Farmacias	54,20 € / semestre
5.3.- Florerías	54,20 € / semestre
5.4.- Imprentas	54,20€ / semestre

5.5.- Moblerías	54,20€ / semestre
5.6.- Droguerías e perfumerías	54,20 € / semestre
5.7.- Estancos	54,20 € / semestre
5.8.- Ferraxarías	54,20 € / semestre
5.9.- Librerías	54,20 € / semestre
5.10.- Papelería e fotocopias	54,20 € / semestre
5.11.- Loterías	54,20 € / semestre
5.12.- Venda material eléctrico e electrodoméstico, ordenadores	54,20 € / semestre
5.13.- Salóns de peiteado e centros de estética	54,20 € / semestre
5.14.- Xoiarías e reloxarías	54,20 € / semestre
5.15.- Zapaterías e reparación de calzado	54,20 € / semestre
5.16.- Comercio ao por menor toda clase de artigos	54,20 € / semestre
5.17.- Industrias lácteas e fabricación de queixo e manteiga	54,20 € / semestre
5.18.- Industrias de produtos alimenticios diversos (viño, fariñas, alimentación animal, etc...)	54,20 € / semestre
Epígrafe 6.- Outros	
6.1.- Garaxes privados	14,32 € / semestre
6.2.- Academias de ensinanza	54,20 € / semestre
6.3.- Oficinas e despachos	54,20 € / semestre

Taboada, 26 de decembro de.2019.- ALCALDE-PRESIDENTE, Ramiro Moure Ansoar.

R. 3923

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

XULGADO DO SOCIAL N.º 1 LUGO

Anuncio

D/D^a RAFAEL GONZALEZ ALIO, LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA DEL JUZGADO DE LO SOCIAL NÚMERO 1 DE LUGO.

HAGO SABER: Que por resolución dictada en el proceso seguido a instancia de MUTUA GALLEGA DE ACCIDENTES DE TRABAJO IBERMUTUA contra MARIA DOLORES BALSEIRO PAZ, GONZALEZ NEIRA COMUNIDAD DE BIENES , FREMAP , INSTITUTO SOCIAL DE LA MARINA , TESORERIA GENERAL DE LA SEGURIDAD SOCIAL , JOSE NEIRA PERNAS , MANUEL NEIRA PERNAS , MANUEL GONZALEZ GARCIA , FRANCISCO RODRIGUEZ DOMINGUEZ , REMOLCADORES DEL ORTEGAL S. , SERTOSA NORTE SL , REMOLQUES Y NAVEGACION SA , ARMADORES DO MAROSA SL , RAMON DOMINGUEZ LESTAO , BENIGNO BLANCO BARCON , PESQUERA JOSRUMAR SL , EDUARDO MON EIJO , ATILANO JUAN CB , MARIA CELIA GOMEZ MIGUEZ , EUGENIO LOPEZ ABAD , JOSE ANTONIO LOPEZ ABAD , ANA BELEN VIEJO BRAÑA , en reclamación por SEGURIDAD SOCIAL, registrado con el nº SEGURIDAD SOCIAL 721 /2016 se ha acordado, **citar** a COMUNIDAD HEREDITARIA O HERENCIA YACENTE DE EDUARDO MON EIJO, en ignorado paradero, a fin de que comparezca el día 20/1/2020 a las 09:45 horas, en Planta 4 - Sala 9 - Edif. Xulgados, **para la celebración de juicio**, pudiendo comparecer personalmente o mediante persona legalmente apoderada, y que **deberá acudir con todos los medios de prueba** de que intente valerse, con la advertencia de que es única convocatoria y que dicho acto no se suspenderá por falta injustificada de asistencia.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

Y para que sirva de citación a COMUNIDAD HEREDITARIA O HERENCIA YACENTE **EDUARDO MON EIJO**, se expide la presente cédula para su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia de LUGO.

En LUGO, a trece de diciembre de dos mil diecinueve.- **EL/LA LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA.**

R. 3885

XULGADO DO SOCIAL N.º 2 LUGO

Anuncio

SINESIO NOVO FERNANDEZ, LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA DEL JUZGADO DE LO SOCIAL Nº 2 DE LUGO,

HAGO SABER: Que en el procedimiento de EJECUCION DE TITULOS JUDICIALES 136/2019 de este Juzgado de lo Social, seguido a instancia de D^a MARIA CONSUELO LOPEZ SARCEDA contra las empresas BASICO DE MONET BDM S L y MONET 2000 S L, se ha dictado auto, en el día de la fecha, cuya parte dispositiva literalmente dice:

“DISPONGO: Declarar extinguida la relación laboral que unía a D^a. MARIA CONSUELO LOPEZ SARCEDA con las empresas BASICO DE MONET BDM SL y MONET 2000 SL, condenando a éstas a que abonen a la trabajadora la cantidad de 22.177,03 euros en concepto de indemnización, más la de 12.094,42 euros en concepto de salarios dejados de percibir desde la fecha de despido hasta la de esta resolución, a razón de 47,06 euros diarios.

Notifíquese a las partes.

MODO DE IMPUGNACIÓN: Mediante recurso de reposición a interponer ante este órgano judicial, en el plazo de los **TRES DÍAS** hábiles siguientes a su notificación con expresión de la infracción cometida en la resolución a juicio del recurrente, sin que la interposición del recurso tenga efectos suspensivos con respecto a la resolución recurrida. Si el recurrente no tuviere la condición de trabajador o beneficiario del régimen público de seguridad social deberá consignar la cantidad de 25 euros, en concepto de depósito para recurrir, en la Cuenta de Depósitos y Consignaciones Judiciales abierta en la entidad BANCO SANTANDER, expediente número 2323000030013619. Quedan exentos de su abono en todo caso, el Ministerio Fiscal, el Estado, las Comunidades Autónomas, las Entidades Locales y los Organismos Autónomos dependientes de ellos.

Así lo acuerda y firma SS^a. Doy fe.”

Y para que sirva de **NOTIFICACIÓN EN LEGAL FORMA a las empresas BÁSICO DE MONET BDM SL y MONET 2000 SL**, en ignorado paradero, expido el presente para su inserción en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la Oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o de decreto que ponga fin al procedimiento o resuelva un incidente, o cuando se trate de emplazamiento.

En LUGO, a doce de diciembre de dos mil diecinueve.- **EL LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA.**

R. 3886

Anuncio

SINESIO NOVO FERNANDEZ, LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA DEL JUZGADO DE LO SOCIAL Nº 2 DE LUGO,

HAGO SABER: Que en el procedimiento de EJECUCION DE TITULOS JUDICIALES 104 /2019 de este Juzgado de lo Social, seguido a instancia de D. ALBERTO GRANDIO DIAZ contra la empresa TRANSPORTES MOURE MOURE SL, se ha dictado resolución en el día de la fecha, cuya parte dispositiva literalmente dice:

ACUERDO:

a) Declarar a la empresa TRANSPORTES MOURE MOURE SL en situación de insolvencia, para el resultado de la presente ejecución, por importe de 3.417,21 euros, insolvencia que se entenderá a todos los efectos como provisional.

b) Hacer entrega de certificación a la parte ejecutante para que surta efectos ante el Fondo de Garantía Salarial, una vez sea firme la presente resolución.

c) Archivar las actuaciones previa anotación en el Libro correspondiente, y sin perjuicio de continuar la ejecución si en lo sucesivo se conocen nuevos bienes del ejecutado.

Notifíquese a las partes, haciéndoles saber que en aplicación del mandato contenido en el artículo 53.2 de la LJS, en el primer escrito o comparecencia ante el órgano judicial, las partes o interesados, y en su caso los profesionales designados, señalarán un domicilio y datos completos para la práctica de actos de comunicación. El domicilio y los datos de localización facilitados con tal fin, **surtirán plenos efectos y las notificaciones en ellos intentadas sin efecto serán válidas** hasta tanto no sean facilitados otros datos alternativos, siendo **carga procesal de las partes** y de sus representantes **mantenerlos actualizados**. Asimismo deberán comunicar los cambios relativos a su número de teléfono, fax, dirección electrónica o similares, siempre que estos últimos estén siendo utilizados como instrumentos de comunicación con el Tribunal.

MODO DE IMPUGNACIÓN: Contra la presente resolución cabe recurso directo de revisión que deberá interponerse ante quien dicta la resolución en el plazo de **TRES DÍAS** hábiles siguientes a la notificación de la misma con expresión de la infracción cometida en la misma a juicio del recurrente, art. 188 LJS. El recurrente que no tenga la condición de trabajador o beneficiario de régimen público de la Seguridad Social deberá hacer un depósito para recurrir de 25 euros, en la Cuenta de Depósitos y Consignaciones Judiciales abierta en la entidad BANCO SANTANDER, expediente número 2323000031010419. Quedan exentos de su abono en todo caso, el Ministerio Fiscal, el Estado, las Comunidades Autónomas, las Entidades locales y los Organismos Autónomos dependientes de ellos.

Y para que sirva de **NOTIFICACIÓN EN LEGAL FORMA a la empresa TRANSPORTES MOURE MOURE SL**, en ignorado paradero, expido el presente para su inserción en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la Oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o de decreto que ponga fin al procedimiento o resuelva un incidente, o cuando se trate de emplazamiento.

En LUGO, a dieciséis de diciembre de dos mil diecinueve.- **EL LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA.**

R. 3887

MINISTERIO DE FACENDA

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) – XOVE

Anuncio

EXTRACTO DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Nº 2019-0882 DE 20 DE DECEMBRO DE 2019 POLA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA E TRAMITACIÓN ANTICIPADA DAS AXUDAS A EXPLOTACIÓNS GANDEIRAS DE GANDO VACÚN DO CONCELLO DE XOVE PARA O EXERCICIO 2020

BDNS (Identif.): 488329

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b y 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primeiro. Beneficiarios.

Poderán ser beneficiarios das axudas as persoas físicas ou xurídicas que consten como titulares da explotación gandeira e estean censados no Concello. (C.E. 27025....)

Segundo. Obxecto

O obxecto da presente convocatoria é regular o sistema de concesión de axudas para compensar ós titulares de explotacións gandeiras de gando vacún sitas no concello por perdas derivadas da morte da reses correspondente ao exercicio de 2020.

Terceiro. Bases reguladoras

Pode consultarse a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Xove na seguinte dirección:

<http://xove.sedelectronica.gal/transparency/58926865-bd2e-46f3-857a-14f57f19f9fd/>

Cuarto. Contía

A contía prevista para esta actuación na presente convocatoria é 17.000,00 euros con cargo á aplicación 412.479 do Estado de Gastos do Orzamento Municipal. A presente convocatoria suxéitase ao réxime de tramitación anticipada do gasto regulado no artigo 56 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e no artigo 25 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Subordínase polo tanto a autorización do gasto ao crédito para o exercicio no que se autorice no orzamento 2020.

Ao tratarse de un procedemento administrativo que non leva aparelado o esgotamento do crédito nun só acto de concesión senón que a súa disposición se realiza en actos sucesivos, e tal e como dispón o artigo 31.4 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, no momento do esgotamento da partida orzamentaria asignada non poderán admitirse posteriores solicitudes destinadas a participar del, salvo que se recorra a un incremento do crédito orzamentario ou se recorra a unha nova convocatoria, do xeito establecido no artigo 31.2 da lei anterior.

Sempre e cando se reúnan os requisitos establecidos nas presentes bases, exceptúase o requisito de fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas non sendo necesario polo tanto a comparación entre as mesmas, co límite do crédito orzamentario existente para a convocatoria.

A axuda alcanzará como máximo un número de dez reses por explotación, e varía en función da idade do animal de acordo co seguinte baremo:

IDADE	AXUDA €
Menos de 1 mes	120
Entre 1 e 6 meses	200
Entre 6 e 9 meses	300
Entre 9 meses e 2 anos	400
Entre 2 e 4 anos	500
Entre 4 e 7 anos	400
Entre 7 e 10 anos	300
Entre 10 e 14 anos	200
Máis de 14 anos	0

Asimesmo, soamente serán subvencionables os abortos de máis de sete meses rexistrados no primeiro trimestre deste ano 2020, que percibirán 60€ por cría.

Quinto. Requisitos dos solicitantes e do gando obxecto da axuda

Toda explotación gandeira deberá estar rexistrada no censo municipal que a tal efecto elaborará a Concellalía de Agricultura, Gandeiría e Monte.

O solicitante deberá estar ao corrente do pagamento dos tributos do Concello de Xove e a tal efecto a formulación de solicitude da axuda presupón a autorización para recadar a información que verifique o cumprimento de tal extremo.

Para poder disfrutar da axuda o gando deberá dispor da carta de saneamento, excepto as reses que nazan ou se compren entre campañas de saneamento. Neste caso, se o xato está chapeado esixirase que estea anotado no Libro de Explotación do titular.

Asímemo, para ter dereito á subvención no que atinxe a gando comprado, deberá ter una estadía mínima de dous meses na explotación do solicitante, tanto se trate das reses como das súas futuras crías.

Sexto. Prazo de presentación das solicitudes

Data límite de presentación de solicitudes:

O prazo establecido para a presentación de solicitudes será todo o exercicio 2020. As solicitudes deberán presentarse antes de que transcurran 2 meses dende a data da morte do animal obxecto de axuda.

Documentación a presentar: impreso oficial completo acompañado da documentación esixida nas bases reguladoras da presente convocatoria.

Lugar de presentación: Sede electrónica do Concello de Xove www.xove.es, ou ben presencialmente no Rexistro Xeral do Concello de Xove. Camiño Real, s/n; 27880, Xove (Lugo)

Asímemo, tamén poderán presentarse ditas instancias no rexistro e oficinas, de acordo co previsto no artigo 66 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Xove, 20 de decembro de 2019.- O ALCALDE, JOSE DEMETRIO SALGUEIRO RAPA.

R. 3889

Anuncio

EXTRACTO DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Nº 2019-0879 DO 20 DE DECEMBRO DE 2019 POLA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA E TRAMITACIÓN ANTICIPADA DAS AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL DO CONCELLO DE XOVE PARA O EXERCICIO 2020

BDNS (Identif.): 488350

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b y 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primeiro. Beneficiarios.

Poderán solicitar unha axuda de emerxencia social, para sí ou para a unidade familiar, as persoas maiores de idade empadroadas e con residencia efectiva no Concello de Xove cunha antelación de seis meses ao feito causante da solicitude. Excepcionalmente, mediante informe social valorativo, poderán ser beneficiarios destas axudas aquelas persoas empadroadas e con residencia en Xove que se atopen nunha situación de urxencia social, aínda cando non cumpran o período mínimo de empadramento establecido.

Na unidade familiar tan só unha persoa pode ter a condición de beneficiario, aínda que a axuda se outorgue en beneficio da unidade.

A estes efectos, enténdese por unidade familiar a formada polos cónxuxes non separados legalmente e, no seu caso, os fillos e fillas menores de 18 anos, con excepción dos que, con consentimento dos pais vivan independentes destes, e os fillos maiores de 18 anos cunha minusvalía superior ao 33% e os incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada ou os así declarados pola administración autonómica. Nos casos de separación legal ou cando non existira vínculo matrimonial, a unidade familiar estará formada polo pai ou nai e tódolos fillos e fillas que convivan con un ou outro e reúnan os requisitos descritos no parágrafo anterior.

Segundo. Obxecto

1.- Constitúe obxecto das presentes bases a regulación do procedemento aplicable para o outorgamento de axudas de emerxencia social, consideradas tales como as prestacións económicas de carácter non periódico destinadas a aquelas persoas cuxos recursos resultan insuficientes para facer fronte a gastos específicos de carácter ordinario ou extraordinario necesarios para previr, evitar ou paliar situacións de marxinación social.

2.- Están dirixidas a persoas individuais ou unidades familiares que carezan de medios e nas que concorran factores de risco, constituíndo en todo caso, un apoio á intervención social que se xestione para a integración das persoas ou unidades afectadas.

3.- As axudas de emerxencia social terán en todo caso natureza finalista, debendo destinarse unicamente ao obxecto para o que foron concedidas.

4.- Terán carácter intransferible e polo tanto non poderán:

- a) Ofrecerse en garantía de obrigas
- b) Ser obxecto de cesión total ou parcial
- c) Ser obxecto de compensación ou desconto, salvo para o reintegro das prestacións indebidamente percibidas

Terceiro. Bases reguladoras

Pode consultarse a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Xove na seguinte dirección:

<http://xove.sedelectronica.gal/transparency/58926865-bd2e-46f3-857a-14f57f19f9fd/>

Cuarto. Tipos de axuda e contía

5.1.- Tipos de axudas

1.- Situacións derivadas da falta de recursos económicos que impidan a cobertura das necesidades básicas:

- a) Axudas paliativas de situacións de necesidade persoal tales como alimentación, roupa, vestido, axudas á escolarización, etc.
- b) Axudas dirixidas ó mantemento da vida no propio domicilio (situacións carenciais que non se contemplan nos programas de axuda a domicilio ou de educación familiar), tales como adquisición de mobiliario ou electrodomésticos de primeira necesidade, reparacións urxentes, luz e auga corrente, creación de sanitarios, etc.

2.- Situacións imprevisibles de emerxencia que xeren un gasto especial, axudas de carácter puntual ás que os usuarios non podan facer fronte por carencia de recursos:

- a) Desafiuzamentos
- b) Incendios ou catástrofes naturais que afecten gravemente á vivenda

c) Accidentes de calquera tipo que afecten gravemente á economía familiar e que impliquen a realización de gastos de carácter extraordinario e urgente.

3.- Situacións especiais sobrevidas por causa do padecemento dunha enfermidade grave que implique traslados, tratamentos, axudas técnicas ou calquera outra necesidade que requira gastos adicionais de importancia, e que non estean cubertas na súa totalidade polo sistema público de saúde.

4.- Situacións que provoquen ou tendan a provocar a marxinación de persoas que as padecen (drogadición, alcoholismo, persoas sen teito...)

5.- En ningún caso se concederá unha axuda de emerxencia social para o pagamento de obrigas tributarias, débedas coa Seguridade Social, multas ou taxas municipais así como gastos derivados de unha sentenza xudicial.

6.- Para o caso particular de transeúntes, poderán concederse axudas en especie consistentes en vales de comida por importe máximo de 15 euros con un tope máximo de tres vales anuais.

Igualmente, para o caso particular de persoas drogodependentes, poderán concederse axudas en especie consistentes no abono do billete de transporte para o traslado á Unidade Asistencial de Drogodependencia de Burela, condicionado á emisión de informe mensual de asistencia pola responsable da U.A.D.

5.2.- Contías

En todo caso, a determinación da contía económica concreta das axudas virá dada polas disponibilidades presupostarias existentes.

As contías a conceder non superarán o orzamento de gastos presentado polo solicitante de acordo coa Base Sétima. Non obstante, terán os límites anuais que se especifican a continuación:

Alimentación, vestido e/ou enxoval doméstico: Tres meses consecutivos ou ben unha vez cada catro meses ao longo do ano.

Para as axudas de alimentación, según os membros da unidade económica de convivencia o tope máximo será de:

U.E.C. de 1 ou 2 membros: Ata un tope máximo de 600 euros anuais.

U.E.C. de 3 membros: Ata un tope máximo de 650 euros anuais.

U.E.C. de 4 membros: Ata un tope máximo de 700 euros anuais.

U.E.C. de 5 ou máis membros: Ata un tope máximo de 800 euros anuais.

Para as axudas de roupa, calzado e/ou menaxe doméstico, según os membros da unidade económica de convivencia, o tope máximo será de:

U.E.C. de 1 o 2 membros: Ata un tope máximo de 100 euros anuais.

U.E.C. de 3 membros: Ata un tope máximo de 150 euros anuais.

U.E.C. de 4 membros: Ata un tope máximo de 200 euros anuais.

U.E.C. de 5 o mais membros: Ata un tope máximo de 300 euros anuais.

Leite maternizada e/ou pañais: Seis meses consecutivos ata un tope máximo de 400 euros con informe médico xustificativo da necesidade da mesma.

Atención sanitaria: 3 meses consecutivos, ou ben unha vez cada catro meses ó longo do ano ata un tope máximo de 600 euros e con informe médico xustificativo de que o medicamento/tratamento, elemento protésico e/ou axudas técnicas non se poida adquirir polo Sergas. No caso que sexa posible, a emerxencia social, cubrirá ata un máximo do 50% do custo.

Gastos de vivenda:

Habitabilidade: O importe total en ningún caso excederá de 200 euros no prazo máximo de 1 ano.

Mantemento: O importe total en ningún caso excederá de 240 euros no prazo máximo de 1 ano.

Impago de subministro da vivenda: O importe total en ningún caso excederá de 150 euros no prazo máximo de 1 ano.

Actividades extraescolares:

Aquelas que se leven a cabo a través das ANPAS e outras entidades de carácter social e que teñan como obxectivo a integración: ata un máximo de 200 euros por unidade económica de convivencia por curso escolar.

Con carácter xeral, as axudas tramitaranse para atender un só concepto, e só con carácter excepcional motivado mediante informe da traballadora social poderán especificarse varios conceptos, en cuxo caso o importe máximo

da axuda será o que corresponda á suma de ambos conceptos, sen que en ningún caso podan superarse as contías máximas determinadas para a anualidade correspondente.

Quinto. Requisitos dos solicitantes

1.- Os interesados na obtención destas axudas deberán formular a súa solicitude no modelo establecido ao efecto, acompañando a seguinte documentación:

-D.N.I. do solicitante

-Libro de Familia, senteza de separación ou divorcio ou no seu caso, certificado de rexistro de parellas de feito expedido pola Comunidade Autónoma.

-Certificado de Empadramento

-Orzamento de Gastos para os que solicita a axuda (só naqueles casos que sexa posible)

-Certificación da conta bancaria á que se pode transferir, no seu caso, o importe da axuda

-Xustificantes de ingresos referidos a todos os membros da unidade económica de convivencia que serán os seguintes:

a) Declaración da renda correspondente ao último ano ou certificado de rendas expedido pola Delegación da Axencia Tributaria.

b) Nóminas actualizadas de todos membros da unidade económica de convivencia.

c) No caso de percibir una pensión de xubilación, viudedade, orfandade ou incapacidad, deberá presentarse xustificantes do Organismo correspondente.

d) No caso de percibir axudas públicas por calquera concepto, certificado ou xustificante ao respecto do organismo dende onde se conceda, no seu defecto achegar certificación negativa.

e) Calquera outro documento que acredite a carencia ou o nivel de ingresos da persoa ou da unidade familiar.

En caso de insuficiente xustificación documental da situación económica por resultar imposible dispor dela, requirirase ao solicitante que aporte unha declaración responsable na que se faga constar, no seu caso, a carencia absoluta de rentas familiares.

-Declaración responsable de non atoparse incurso en prohibición para obter a condición de beneficiario, no modelo que se facilitará ao efecto (artigo 13.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións)

-Declaración xurada de outras axudas solicitadas ou concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados para a mesma finalidade ou que teñan o carácter de axuda de emerxencia social.

-Para o caso particular e excepcional dos transeúntes a única documentación que deberán aportar será una fotocopia do N.I.F ou calquera outra documentación que acredite a súa identidade.

Sexto. Prazo de presentación das solicitudes

Data límite de presentación de solicitudes:

O prazo establecido para a presentación de solicitudes será todo o exercicio 2020.

Documentación a presentar: impreso oficial completo acompañado da documentación esixida nas bases reguladoras da presente convocatoria.

Lugar de presentación: Sede electrónica do Concello de Xove www.xove.es, ou ben presencialmente no Rexistro Xeral do Concello de Xove. Camiño Real, s/n; 27880, Xove (Lugo)

Asímesmo, tamén poderán presentarse ditas instancias no rexistro e oficinas, de acordo co previsto no artigo 66 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Xove, 20 de decembro de 2019.- O ALCALDE.- JOSÉ DEMETRIO SALGUEIRO RAPA.

R. 3890

Anuncio

EXTRACTO DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Nº 2019-0877 DO 11 DE DECEMBRO DE 2019 POLA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA E TRAMITACIÓN ANTICIPADA DAS AXUDAS AO ABEIRO DO PLAN DE EMPREGO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO 2020

BDNS (Identif.): 488380

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b y 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primeiro. Beneficiarios.

A. LIÑA DE AXUDA Á CONTRATACIÓN

Poderán solicitar unha subvención ao abeiro do PEM aquelas empresas con personalidade xurídica privada calquera que sexa a súa modalidade, autónomos, sociedades civís, unións temporais de empresas, comunidades de bens, fundacións e asociacións aínda carentes de personalidade xurídica, que desexen contratar a unha ou máis persoas que reúnan os requisitos antes referidos, sempre que o contrato sexa de duración mínima inicial de seis meses. Ademais, no caso particular das UTEs, cada empresa que forme parte desta unión deberá reunir os requisitos esixidos para acceder ás axudas.

Quedan excluídas en calquera caso, aquelas entidades, empresas ou autónomos prestadores de servizos ao Concello de Xove a través da modalidade contractual de xestión ou prestación de servizos recollidas na lexislación de contratos.

Igualmente quedan excluídas da posibilidade de ser beneficiarias destas axudas as administracións públicas, sociedades públicas ou calquera outro tipo de ente dependente, vinculado ou con participación de unha administración pública.

En ningún caso se subvencionarán contratacións que non teñan esta contratación mínima inicial, incluídos os contratos de obra que non teñan data concreta de finalización que tampouco se subvencionarán en ningún caso.

B. LIÑA DE AXUDA AO AUTOEMPREGO

Poderán solicitar unha subvención ao abeiro do PEM aquelas persoas que estean empadroadas e con residencia efectiva no municipio mínima de 6 meses anteriores á data de solicitude, requisito que se deberá manter durante toda a vixencia do expediente subvencionado que, de conformidade con estas bases e seguindo o procedemento establecido nas mesmas, creen o seu posto de traballo sempre que se dean de alta no réxime especial de autónomos ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou en mutualidade de colexio profesional, ou creen unha sociedade. A tal efecto, polo órgano competente poderán recadarse cantos documentos, informes ou antecedentes sexan precisos para o coñecemento da residencia no termo municipal, ben emitidos polos servizos municipais ou por calquera outro que proceda.

Segundo. Obxecto

Constitúe obxecto das presentes bases a regulación do procedemento aplicable para o outorgamento de axudas a conceder ao abeiro do Plan de Emprego Municipal para facilitar ás persoas de Xove a súa incorporación ou reincorporación ao mercado de traballo.

Terceiro. Bases reguladoras

Pode consultarse a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Xove na seguinte dirección:

<http://xove.sedelectronica.gal/transparency/58926865-bd2e-46f3-857a-14f57f19f9fd/>

Cuarto. Contía das axudas

A. LIÑA DE AXUDA Á CONTRATACIÓN.

1.- Establécese un período máximo, de tres anos, tanto para as contratacións indefinidas coma para as temporais, para efectuar libramentos ás empresas que realizen contratacións ao abeiro do PEM.

2.- As empresas que contraten persoal veciño de Xove ao abeiro do PEM, poderán acollerse a unha subvención por cada persoa contratada, segundo as modalidades existentes:

1.1.- Subvención a contratacións laborais indefinidas: no caso da contratación dun home, máximo de 5.400 para os tres primeiros anos; ata un máximo anual de 1.800 euros. No caso dunha muller, máximo de 6.300 para os tres primeiros anos e ata un máximo anual de 2.100 euros.

1.2.- Subvención a contratacións laborais temporais de seis ou máis meses de duración: no caso da contratación dun home, máximo de 3.000 euros para os tres primeiros anos; ata un máximo anual de 1.000 euros. No caso dunha muller, máximo de 3.900 euros para os tres primeiros anos; ata un máximo anual de 1.300 euros.

3.- Cando as contratacións sexan inferiores aos 12 meses e/ou á xornada a tempo completo establecida en cada caso, a contía da subvención correspondente calcularase de forma proporcional.

B. LIÑA DE AXUDA AO AUTOEMPREGO

Establécese un período máximo para efectuar libramentos de tres anos para as altas de autónomos ao abeiro do PEM.

As persoas beneficiarias deste plan poderán acollerse a unha subvención equivalente ao importe da súa Seguridade Social co límite máximo de 5.400 euros para os tres primeiros anos (límite máximo anual de 1.800 €) no caso dun home e 6.300 euros (límite máximo anual de 2.100 €) para unha muller.

Quinto. Requisitos dos solicitantes

A. LIÑA DE AXUDA Á CONTRATACIÓN

Que non despedisen á mesma persoa para posteriormente acollerse ao PEM, aínda que sexa a través de empresas do mesmo grupo. Achegarán declaración ao respecto.

Que a empresa ou empresas do mesmo grupo non tivese contratada á mesma persoa acollida ao PEM para calquera das empresas do grupo nos últimos 24 meses. Achegarán declaración ao respecto.

Que a empresa ou empresas do mesmo grupo, é dicir coa mesma representación, non esgotase os anos de subvención correspondentes do PEM por expediente subvencionado e solicite novamente para a mesma persoa. Achegarán declaración ao respecto.

Que a empresa ou empresas do mesmo grupo, é dicir coa mesma representación, non esgotase os anos de subvención correspondentes do PEM por expediente subvencionado e substitúa a persoa subvencionada para solicitar unha nova contratación sen manter con carácter fixo, o posto de emprego anteriormente subvencionado. Achegarán declaración ao respecto.

Que a empresa ou empresas do mesmo grupo non tivese contratado á mesma persoa durante un periodo superior a tres anos en calquera das empresas do grupo.

Que estea ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e co Concello de Xove así como coa Seguridade Social. Este requisito poderá acreditarse no momento da solicitude mediante a presentación dunha declaración xurada que se facilitará ao efecto. Non obstante, no momento da xustificación previo o pagamento da axuda, deberán aportarse os correspondentes certificados emitidos polos órganos competentes.

Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións sinaladas nos números 2 e 3 do artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións, o que se acreditará mediante a sinatura dunha declaración xurada no modelo que se facilitará ao efecto

Declaración xurada de non ter solicitada ou concedida ningunha outra axuda para a mesma finalidade de ningunha administración pública e que se comprometa a comunicar ao Concello a concesión de calquera axuda ou subvención de entes públicos ou privados para a mesma finalidade, no modelo que se facilitará ao efecto.

B. LIÑA DE AXUDA AO AUTOEMPREGO

Que no momento anterior á alta no Réxime Especial de Autónomos ou outro anteriormente referido estean anotados na OPE como demandantes de emprego.

Que teñan máis de 16 anos.

Que non percibisen esta mesma subvención nos catro anos anteriores á data do inicio da nova actividade. Achegarán declaración ao respecto.

Que non desenvolvesen como autónomas a mesma ou similar actividade na mesma localidade, nos 6 meses anteriores á data de inicio de actividade. Achegarán declaración ao respecto. Para estes efectos entenderase por mesma ou similar actividade a conincidencia ao nivel de 3 díxitos da Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE)

Que a actividade se dea de alta no IAE con enderezo no municipio de Xove. Non se subvencionará un cambio de enderezo dunha actividade xa existente, soamente novas actividades.

Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións sinaladas nos números 2 e 3 do artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións, o que se acreditará mediante a sinatura dunha declaración xurada no modelo que se facilitará ao efecto

Declaración xurada de non ter solicitada ou concedida ningunha outra axuda para a mesma finalidade de ningunha administración pública e que se comprometa a comunicar ao Concello a concesión de calquera axuda ou subvención de entes públicos ou privados para a mesma finalidade, no modelo que se facilitará ao efecto.

Sexto. Prazo de presentación das solicitudes

Data límite de presentación de solicitudes:

O prazo establecido para a presentación de solicitudes será todo o exercicio 2020.

Documentación a presentar: impreso oficial completo acompañado da documentación esixida nas bases reguladoras da presente convocatoria.

Lugar de presentación: Sede electrónica do Concello de Xove www.xove.es.

Asímesmo, tamén poderán presentarse ditas instancias no rexistro e oficinas, de acordo co previsto no artigo 66 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Xove, 20 de decembro de 2019.- O ALCALDE, JOSÉ DEMETRIO SALGUEIRO RAPA.

R. 3891
